



PARLAMENTO
DE GALICIA
BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA



XI lexislatura
Número 237
2 de decembro de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

■ Ditame sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [92053](#)

■ Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 25561) [92091](#)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25555) [92092](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.3. Proposicións retiradas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Retirada da iniciativa

■ 23178 (11/PNC-002182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre a ampliación por parte da Xunta de Galicia do horario de apertura ao público dos locais de hostalaría e ocio nocturno [92075](#)

Aprobación sen modificacións

■ 24231 (11/PNC-002265)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que impulse ante a Comisión Europea a proposta de modificación do Real decreto de delimitación da zona de promoción económica para Galicia, co obxecto de incluír o naval entre os sectores promocionables conforme a normativa de axudas rexionais [92075](#)



COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**Aprobación sen modificacións****I 24486 (11/PNC-002293)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno español e á Comisión Europea do seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas do 2022 [92076](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 21320 (11/PNC-002025)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de aprobar de forma urxente a modificación do Real decreto de ordenación pesqueira e a súa adecuación a determinadas disposicións normativas [92077](#)

I 21877 (11/PNC-002075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dos deputados/as máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia perante o Goberno central en relación coa minaría submarina [92077](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 14471 (11/PNC-001475)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos conflitos existentes entre bateiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón [92078](#)

I 23102 (11/PNC-002173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa [92078](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.4. Preguntas****1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 25194 (11/PRE-007224)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das obras necesarias no edificio do Instituto de Ensino Secundario Alfredo Brañas, de Carballo [92093](#)

I 25207 (11/PRE-007225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o posicionamento da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias diante da actividade extractiva da empresa Erimisa no concello de Frades [92098](#)

I 25214 (11/PRE-007226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recuperación dos terreos de Ence e as alternativas no sector forestal galego [92103](#)

I 25220 (11/PRE-007227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, o monte O Galiñeiro e o monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos [92107](#)

I 25231 (11/PRE-007228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da exigencia á empresa Lugove, concesionaria da liña de autobuses Vigo-A Guarda, de garantir a limpeza diaria dos autobuses, a instalación de baños na cabeceira de cada liña para o seu persoal e o cumprimento dos horarios estipulados [92112](#)

I 25237 (11/PRE-007229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto de que o sector servizos sexa o que máis accidentes laborais rexistra [92115](#)

I 25240 (11/PRE-007230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os datos que constan no Goberno galego de cortas, plantacións e denuncias recibidas por infraccións na normativa forestal nos anos 2019, 2020 e 2021, especificadas por concellos [92118](#)

I 25246 (11/PRE-007231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música [92120](#)



I 25271 (11/PRE-007232)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza en Galicia [92122](#)**I 25274 (11/PRE-007233)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia [92125](#)**I 25281 (11/PRE-007234)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**Sobre os pasos dados pola Xunta de Galicia para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá [92127](#)**I 25287 (11/PRE-007235)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**Sobre as previsións do Goberno galego para que o castelo de Maside ou de Ferreira poida integrarse na oferta turística do concello de Pantón [92129](#)**I 25295 (11/PRE-007236)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios [92132](#)**I 25312 (11/PRE-007237)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a creación dunha nova residencia de maiores e centro de día públicos no antigo inmoble do Rebullón en Mos [92135](#)**I 25319 (11/PRE-007238)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos arredor do uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade e da actualización dos protocolos no ámbito educativo para atallar o mal uso da internet [92139](#)**I 25325 (11/PRE-007239)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**Sobre o cumprimento da normativa vixente sobre a extracción da mexilla e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para resolver o conflito entre bateeiros e percebeiros [92143](#)

I 25326 (11/PRE-007240)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a postura negacionista da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por parte do Goberno central

[92145](#)**I 25330 (11/PRE-007241)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para incrementar os grupos e o profesorado no Instituto de Ensino Secundario Santo Tomé de Vigo

[92147](#)**I 25335 (11/PRE-007242)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre a situación sociolaboral do sector galego da automoción

[92150](#)**I 25348 (11/PRE-007243)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da nave que está a ser construída no porto do Xufre, na Illa de Arousa

[92154](#)**I 25356 (11/PRE-007244)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación asistencial da saúde mental e do nivel de execución do Acordo parlamentario sobre a atención da saúde mental adoptado en marzo de 2021

[92156](#)**I 25359 (11/PRE-007245)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para contribuír a que se alcance un acordo entre Reganosa e o Concello de Mugarodos para minimizar o impacto do imposto sobre as actividades económicas da resolución do Tribunal Económico e Administrativo Central en relación coa aplicación á empresa

[92159](#)**I 25364 (11/PRE-007246)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as modificacións á Lei de montes veciñais en man común incluídas no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos de 2022

[92162](#)**I 25368 (11/PRE-007247)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do acontecido no segundo exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 001 do grupo IV, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia [92167](#)

I 25373 (11/PRE-007248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as xestións que está a realizar a Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no porto de Vigo [92170](#)

I 25388 (11/PRE-007249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facilitarlle o acceso á educación a unha alumna do concello de Marín con mobilidade reducida [92172](#)

I 25395 (11/PRE-007250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implantar no concello do Pereiro de Aguiar un instituto público de ensino secundario ou un centro público integrado que inclúa o bacharelato [92176](#)

I 25402 (11/PRE-007251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os hábitos de contratación temporal utilizados polo Servizo Galego de Saúde [92178](#)

I 25407 (11/PRE-007252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para manter a actividade da planta de alumino Alu Ibérica na Coruña [92180](#)

I 25426 (11/PRE-007253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a situación da Rede de centros de información ás mulleres [92183](#)

I 25434 (11/PRE-007254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para resolver a tramitación do aumento de rendemento das explotacións aprobado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe do Ribeiro [92187](#)

I 25442 (11/PRE-007255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a posibilidade de creación pola Xunta de Galicia dunha axencia de saúde pública de Galicia [92189](#)

I 25446 (11/PRE-007256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación da Rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das nenas e dos nenos usuarios deste servizo [92191](#)

I 25457 (11/PRE-007257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020 [92194](#)

I 25465 (11/PRE-007258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego para a elaboración dunha estratexia de conservación, mellora e posta en valor do bosque autóctono [92197](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

I 25185 - 9187 (11/PRE-002524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario [92201](#)

I 25202 - 12154 (11/PRE-002908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as modificacións introducidas na liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, correspondente ao servizo de transporte público para persoas traballadoras e funcionarias [92204](#)

I 25197 - 17414 (11/PRE-003787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa [92206](#)

I 25199 - 14266 (11/PRE-004879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación e execución da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas [92209](#)



I 25196 - 17416 (11/PRE-005180)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa

[92211](#)**I 25182 - 17643 (11/PRE-005203)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que as obras da circunvalación do concello de Ribeira se fagan co máximo diálogo e consenso social

[92213](#)**I 25201 - 12155 (11/PRE-006107)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as modificacións introducidas na liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, correspondente ao servizo de transporte público para persoas traballadoras e funcionarias

[92215](#)**I 25184 - 13358 (11/PRE-006197)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a resolución das alegacións presentadas ao proxecto de trazado de circunvalación para Ribeira

[92217](#)**I 25200 - 14265 (11/PRE-006314)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación e execución da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas

[92219](#)**I 25198 - 17413 (11/PRE-006645)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa

[92221](#)**I 25183 - 17641 (11/PRE-006669)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para minimizar o impacto ambiental, paisaxístico e social do proxecto de circunvalación do concello de Ribeira

[92223](#)**I 25327 - 19495 (11/PRE-006691)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada OU-536, Ourense-A Pobra de Trives [92225](#)

I 25181 - 20621 (11/PRE-006791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o tratamento das augas residuais e o funcionamento da depuradora da illa de Ons [92228](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 9 de decembro de 2021, ás 10.00 horas) [92085](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na execución do acordo do Pleno do Parlamento do día 23 de novembro de 2021 polo que se aproba a Lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [92090](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Ditame sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 29 de novembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 21016 (11/PL-000010)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026
BOPG nº 196, do 08.09.2021

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 29 de novembro de 2021, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre Proxecto de lei do Plan Galego de Estatística 2022-2026, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Texto articulado

Exposición de motivos

I

O artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da estatística para os fins da Comunidade Autónoma. En aplicación dese artigo, o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro, e 8/2011, do 9 de decembro.



No artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, establécese que o Plan galego de estatística é o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, que será obxecto de aprobación polo Parlamento mediante unha lei e que terá a vixencia establecida nel, ou, no seu defecto, a de catro anos. O artigo 7 da devandita Lei 9/1988, do 19 de xullo, encoméndalle ao Instituto Galego de Estatística a elaboración do Anteproxecto do Plan galego de estatística, que será elevado ao Consello da Xunta para a súa aprobación, logo do informe do Consello Galego de Estatística. A ordenación e a planificación da actividade estatística levaranse a cabo mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus axentes institucionais.

O Parlamento aprobou cinco plans para os períodos 1998-2001, 2002-2006, 2007-2011, 2012-2016 e 2017-2021, nos que se fixaban os obxectivos que se debían concretar nos programas anuais.

Ao se esgotar o quinto plan, procede aprobar un novo para, mediante un sistema de planificación por obxectivos, crear, organizar e difundir o coñecemento estatístico, acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía. Para acadalo, fórmulanse obxectivos de tres tipos: informativos, instrumentais e de calidade.

Os primeiros concréntanse en metas estatísticas para responderen ás necesidades de información da sociedade. A planificación por metas dota o plan da flexibilidade necesaria para se adaptar á realidade cambiante e facilitar a cooperación con outros sistemas estatísticos oficiais, de acordo cos compromisos de coherencia, integración, harmonización e uso eficiente dos recursos públicos. Tamén son obxectivos informativos os vencellados coas liñas de actuación salientables do plan e coa consideración das perspectivas de xénero e idade.

Os obxectivos instrumentais fixan as características que deben ter os procesos para organizar, recoller, elaborar e difundir as estatísticas.

E os de calidade establécense de acordo co Código de conduta das estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 16 de novembro de 2017.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios e ás garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión de resultados, establecidos no capítulo III da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, así como ás recomendacións do Código de conduta das estatísticas europeas. Formarán parte desta actividade as tarefas de recompilación, elaboración e ordenación sistemática da información cuantificable, a publicación e a difusión de resultados necesarios ou útiles para o coñecemento cuantitativo, a análise das realidades demográfica, agraria, pesqueira, industrial, comercial, financeira, de servizos, social, cultural e ambiental de Galicia e, en xeral, calquera cuestión referida ás condicións de vida, aos fins e ás competencias da Comunidade Autónoma. Tamén se inclúen nesta categoría as tarefas previas ou complementarias das anteriores que non fosen incluídas dentro delas, as legalmente exixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requisitos que establecen as normas estatísticas e mais as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico.



Tamén poderán formar parte deste plan as tarefas de interese para o sistema estatístico que estean conectadas cos retos do Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, así como as orientadas a medir o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, adoptada pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, para pór fin á pobreza, protexer o medio e mellorar a vida e as perspectivas das persoas.

Visto o anterior, e como consecuencia da experiencia acumulada nos dous últimos plans, cómpre introducir un novo tipo de operación: a explotación estatística do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo, e anovar as operacións de síntese, co engadido dos indicadores compostos ou sintéticos.

O sistema estatístico proverá a información para que a cidadanía poida exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións. A inclusión na oferta de información estatística dos metadatos necesarios para axudar a comprender o significado dos resultados difundidos contribuirá á consecución destes obxectivos.

II

A lei ten tres títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e tres anexos.

O título I consta dun único capítulo de disposicións xerais, onde se recollen o obxecto da lei, o seu período de aplicación e as principais definicións.

Os títulos II e III correspóndense coas dúas dimensións do plan: a planificación e a ordenación da actividade estatística, respectivamente. O primeiro capítulo do título II agrupa os obxectivos do plan e o segundo establece como se satisfán mediante os programas anuais.

O título III ten catro capítulos sobre os proxectos técnicos e a estatística oficial, a recollida e a cesión de información, a colaboración institucional e o inventario de operacións e actividades estatísticas.

Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación de metas de información e o inventario inicial de operacións e actividades.

III

No proceso de elaboración desta lei, de acordo co previsto no artigo 46 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o Consello Galego de Estatística, como órgano consultivo para asegurar a participación dos axentes sociais e a relación entre as persoas usuarias e a administración, emitiu un informe favorable sobre o anteproxecto. A participación cidadá promoveuse tamén mediante o Portal de transparencia e Goberno aberto.

TÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta lei é aprobar o Plan galego de estatística (PGE) 2022-2026, o instrumento de ordenación e planificación da función estatística para os fins da Comunidade Autónoma, ao amparo



do artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia e da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

2. Os obxectivos do PGE 2022-2026 clasifícanse en informativos, instrumentais e de calidade. Os primeiros comprenden as metas de información, as perspectivas de xénero e idade e mais as liñas de actuación salientables.

3. Os obxectivos do PGE 2022-2026 concréntanse nos programas anuais executados pola organización estatística da Comunidade Autónoma.

4. Forman parte desta organización o Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), os órganos estatísticos sectoriais (OES) e o Consello Galego de Estatística (CGE).

5. A organización estatística desenvolverá as súas relacións internas e externas no marco deste plan.

Artigo 2. *Definicións*

1. Para cubrir as metas de información e ampliar a información dispoñible sobre Galicia programaranse anualmente operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE).

2. Para cubrir os outros obxectivos do plan poderanse programar actividades de interese estatístico (AIE).

3. Para os efectos desta lei, enténdese por:

3.1. Operación estatística (OE): a que se executa consonte un proxecto técnico e coa participación dunha administración pública galega nalgunha fase previa á difusión.

3.2. Actividade estatística (AE): a que se executa sen proxecto técnico, pero coa finalidade de difundir resultados que contribúan a ampliar a información estatística dispoñible sobre Galicia.

4. As operacións e as actividades estatísticas deben estar clasificadas dentro das alíneas seguintes, ou ser unha combinación delas:

a) o censo ou a estatística exhaustiva

b) a enquisa por mostraxe

c) a toma directa de datos

d) a explotación estatística de sistemas de información, rexistros, microdatos ou directorios

e) a explotación estatística do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo



f) de síntese: sistema de indicadores, números índices, indicadores compostos ou sintéticos, contas económicas e balances, proxeccións e métodos de estimación indirecta.

5. As operacións estatísticas pódense programar nos seguintes estados:

a) En implantación: a operación con proxecto técnico que se executa por primeira vez. Este estado permite comprobar se o proxecto técnico é axeitado para conseguir os obxectivos previstos.

b) En curso: a operación periódica ou irregular con proxecto técnico que dá lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros períodos.

c) En cumprimento: a operación que se executa no marco duns convenios, acordos, decretos de transferencia ou calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico, de xeito que as súas características técnicas xa veñen reguladas por outra administración.

d) En reestruturación: a operación en curso ou en cumprimento cuxo proxecto técnico sufriu cambios substanciais.

6. As operacións e as actividades estatísticas son de difusión obrigatoria.

Artigo 3. *Período de aplicación*

1. O Plan galego de estatística 2022-2026 formula obxectivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2026. De non se aprobar un novo ao seu vencemento, quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte.

2. O Consello da Xunta aprobará uns programas estatísticos anuais para desenvolver este plan.

Artigo 4. *Avaliación*

O Instituto Galego de Estatística elaborará un informe de avaliación do Plan galego de estatística, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia.

De ser o caso, e por petición do Parlamento, a persoa titular da dirección do Instituto Galego de Estatística dará conta do dito informe mediante unha comparecencia específica.

TÍTULO II Planificación da actividade estatística

CAPÍTULO I Obxectivos

Artigo 5. *Obxectivo central*

1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o Sistema estatístico público galego e acadar un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que garanta o avance no coñece-



mento da realidade galega e que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía, adecuándose a criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias ás persoas informantes e garantindo o segredo estatístico.

2. Este obxectivo central desenvólvese en:

a) Obxectivos informativos, que comprenden os temas por abordar para responder ás metas de información, ás perspectivas de xénero e idade e ás liñas de actuación salientables. Para satisfacelos, os programas incluírán as operacións e as actividades estatísticas. As liñas de actuación salientables poderanse cubrir tamén coas actividades de interese estatístico.

b) Obxectivos instrumentais, que pretenden acadar metodoloxías máis sólidas e procedementos estatísticos axeitados, diminuír a carga de resposta e aumentar a eficiencia. Para satisfacer estes obxectivos, os programas incluírán as actividades de interese estatístico.

c) Obxectivos de calidade, que fixan as características desexables das estatísticas. Para satisfacelos, os programas as incluírán as actividades de interese estatístico.

Artigo 6. *Obxectivos informativos*

1. O plan inclúe as metas relacionadas no anexo II, que son os obxectivos específicos de información do quinquenio. Para que a oferta estatística sexa pertinente e facilite a comparanza temporal con outros períodos conservaranse as metas coa difusión dos resultados do Plan galego de estatística 2017-2021.

2. As metas de información clasifícanse nas áreas e seccións temáticas do anexo I. Para a súa avaliación consideraranse as operacións e as actividades estatísticas dos programas coa difusión dos resultados.

3. De conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que consideren os datos sobre as persoas físicas deberán recoller e difundir por sexo.

4. De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, introdúcese a perspectiva de idade na difusión de datos sobre as persoas físicas, sempre que as restricións técnicas de segredo estatístico e a primacía da perspectiva de xénero o permitan.

5. Como liñas de actuación salientables, impulsarase o uso da información estatística dispoñible para mellorar o seguimento e a avaliación das políticas públicas e profundarase na análise das seguintes materias: demografía, estrutura sociolaboral, estrutura sociocultural, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica.



Artigo 7. *Obxectivos instrumentais*

1. O Instituto Galego de Estatística (IGE) implantará unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico da Comunidade Autónoma.

2. Realizarase a investigación estatística e cooperarase coa comunidade científica e con outras institucións para mellorar os métodos e os procedementos.

3. Intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas ou doutro tipo e estableceranse uns procedementos de colaboración entre os seus titulares e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información.

4. Utilizaranse as fontes xa existentes e promoveranse as medidas tecnolóxicas, procedementais e formativas que permitan enlazar as distintas fontes de datos, para evitar que se dupliquen as solicitudes de información.

5. Aproveitarase o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións para optimizar as formas tradicionais de recollida e difusión dos datos, así como para usar as novas fontes de información masiva e explorar a súa potencialidade.

6. Intensificaranse a reutilización dos datos e as interoperabilidades organizativa, semántica e técnica, para incrementar a eficiencia e moderar os custos.

7. Promoverase a xeorreferenciación da información para avanzar na obtención de estatísticas espaciais.

8. Consolidaranse e profesionalizaranse os órganos estatísticos sectoriais.

Como ferramentas estatísticas de base, en coherencia cos obxectivos instrumentais 3, 4 e 5, e de conformidade co artigo 39 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o IGE poderá desenvolver e manter unhas bases de datos sociodemográficas ou empresariais a partir do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo, cuxa finalidade será programar operacións ou actividades a partir da súa explotación, garantindo o cumprimento das normativas sobre protección de datos persoais e segredo estatístico.

Artigo 8. *Obxectivos de calidade*

1. **Pertinencia:** as estatísticas deseñaranse consonte as necesidades das persoas ou entidades usuarias e do interese do conxunto da sociedade galega. Analizaranse o interese e a utilidade das estatísticas.

2. **Precisión e fiabilidade:** as estatísticas tentarán reflectir a realidade axeitadamente. Avanzarase na validación das operacións e das actividades estatísticas.

3. **Oportunidade e puntualidade:** as estatísticas divulgaranse consonte un calendario e seguindo as recomendacións europeas sobre a súa comunicación.



4. Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, as definicións, as unidades e as clasificacións. Promoveranse a normalización e a homoxeneidade de métodos que permitan comparar a información proporcionada polo Sistema estatístico de Galicia verbo do estatal e do europeo.

5. Accesibilidade: as estatísticas difundiranse nun sitio web específico, acompañadas de metadatos. A difusión dos datos realizarase nun formato reutilizable para a persoa usuaria. Do mesmo xeito, e para facilitar a investigación e o uso da información, asegurárase o ofrecemento de microdatos anonimizados das operacións ou das actividades que procedan.

6. Transparencia: as estatísticas axustaranse a unha metodoloxía para reforzar a súa transparencia.

CAPÍTULO II

Programa estatístico anual

Artigo 9. *Contido*

1. Para satisfacer os obxectivos do plan, o programa incluírá as operacións, as actividades estatísticas e as actividades de interese estatístico e considerará outras tarefas vinculadas coas liñas de actuación salientables. Os resultados das operacións e das actividades estatísticas son de difusión obrigatoria.

2. Nas operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE) especificaranse os datos seguintes:

- a) os organismos responsables
- b) as metas de información ou outros obxectivos informativos
- c) os obxectivos concretos
- d) os ámbitos de investigación
- e) a periodicidade
- f) o orzamento aproximado
- g) as formas e os prazos de difusión.

3. Nas operacións figurarán tamén o estado e, de proceder, as persoas ou as entidades obrigadas a subministraren información, así como as compensacións económicas establecidas no artigo 23 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. As formas e os prazos de difusión especificaranse obrigatoriamente nas programadas en curso, en cumprimento coa difusión prevista no ano e sempre que sexa posible nas demais operacións.

4. Nas actividades de interese estatístico (AIE) figurarán as liñas de actuación salientables e os obxectivos instrumentais ou de calidade que satisfán.

Artigo 10. *Aprobación e vixencia*

1. O Instituto Galego de Estatística elaborará o proxecto de programa estatístico anual, logo do informe do Consello Galego de Estatística.



2. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, aprobará por un decreto o programa estatístico anual.

3. A vixencia do programa coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga respecto das operacións e das actividades que pola súa natureza sexa necesario continuar.

Artigo 11. *Seguimento*

O Instituto Galego de Estatística realizará un informe anual de seguimento do programa para a súa consideración por parte do Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.

Artigo 12. *Execución*

1. Os órganos da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico executarán o programa, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante uns acordos, convenios ou contratos. Todos eles quedarán obrigados a cumprir o segredo estatístico, incluso despois de rematar os devanditos acordos, convenios ou contratos.

2. O Instituto Galego de Estatística (IGE) será, con carácter xeral, o organismo responsable das operacións e das actividades cuxo ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou ámbitos sociais. As de carácter sectorial serán executadas preferentemente polos órganos ou polas entidades públicas que sexan competentes na materia ou que, do exercicio das súas funcións, obteñan información susceptible de explotación estatística. Cando o departamento careza dos medios necesarios para realizar unha operación ou unha actividade, o IGE, dentro dos seus recursos, poderá levala a cabo para obter a información sobre unha meta insatisfeita.

3. O contido do programa e a súa execución estarán suxeitos ás dispoñibilidades orzamentarias e organizativas.

TÍTULO III

Ordenación da actividade estatística

CAPÍTULO I

Proxecto técnico e estatística oficial

Artigo 13. *Proxecto técnico*

1. As operacións dos programas disporán dun proxecto técnico, visto polo Consello Galego de Estatística e de carácter público.

2. O proxecto técnico sistematizará os procedementos de execución de cada operación. Este debe especificar os obxectivos informativos, describir como se abordan as perspectivas de xénero e idade e detallar que soporte se utiliza para recoller os datos individualizados.



3. O Instituto Galego de Estatística (IGE), de acordo cos seus recursos, prestará a súa asistencia na redacción dos proxectos do resto dos axentes do sistema e elevaraos á consideración do Consello Galego de Estatística.

4. Coa finalidade de construír un sistema integrado de contas económicas, o IGE participará na elaboración e execución dos proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

Artigo 14. *Estatística oficial*

1. As operacións dos programas son oficiais logo da publicación dos resultados segundo o seu proxecto técnico.

2. Os resultados das operacións serán difundidos preferentemente polos organismos responsables. De acordo coas alíneas 8 e 9 do artigo 39 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, o Instituto Galego de Estatística (IGE) poderá solicitar estes resultados para a súa recompilación, almacenaxe e difusión.

3. Deberán ser obxecto de aprobación expresa os resultados das operacións oficiais que sexan aplicables obrigatoriamente ás relacións e situacións xurídicas en que a Comunidade Autónoma teña competencia para impolos. Para tal efecto, seguirase o seguinte procedemento:

a) As propostas de aprobación serán presentadas polos organismos responsables perante o IGE, quen emitirá un informe preceptivo sobre o cumprimento das normas estatísticas aplicables.

b) O IGE poderá requirir dos organismos responsables toda a información que considere necesaria para elaborar este informe.

c) De o informe ser favorable, o IGE aprobará con carácter provisional os resultados e poraos en coñecemento do Consello Galego de Estatística e do Consello da Xunta. Se ao transcorrer o prazo de tres meses non se reciben unhas obxeccións expresas, quedarán aprobados definitivamente e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

CAPÍTULO II Recollida e cesión de información

Artigo 15. *Colaboración cidadá*

Será obrigatoria a colaboración cidadá nas operacións dos programas. A dita obriga deberá respectar a normativa vixente e aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

A información por subministrar axustarase ao establecido nos correspondentes proxectos técnicos, e dentro de cada programa anual especificaranse os colectivos obrigados a subministrala.

Artigo 16. *Datos de orixe estatística, administrativa ou doutro tipo*

Para reducir a carga de resposta das unidades informantes e mellorar a eficiencia da produción utilizarase como fonte prioritaria de información a contida nos ficheiros dispoñibles de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo.



Baixo este principio, e para executar os plans e programas estatísticos da Comunidade Autónoma, o Instituto Galego de Estatística (IGE) terá dereito a solicitar e obter os datos contidos nos ficheiros estatísticos, administrativos ou doutro tipo, incluídos os datos persoais identificados, dos órganos e das entidades do sector público autonómico, e os seus titulares prestaranlle a máis rápida e áxil colaboración no proceso. Os ficheiros postos á disposición do IGE irán acompañados dos metadatos pertinentes.

Artigo 17. *Cesión da información estatística*

A información sometida ao segredo estatístico soamente se poderá ceder para elaborar unha operación incorporada nos programas á unidade responsable da súa realización, sempre que sexa necesaria e a unidade forme parte da organización estatística de Galicia. Tamén se poderá ceder información no marco de acordos e convenios entre organismos públicos competentes en materia estatística.

Para favorecer a investigación científica, e de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, as universidades e os centros de investigación recoñecidos poderán establecer acordos co Instituto Galego de Estatística ou, de ser o caso, con outros órganos ou entidades do sector público autonómico, para explotar as bases de datos destinadas a elaborar as estatísticas reguladas pola dita lei. A solicitude será asinada pola persoa representante da institución á que pertenza a persoa responsable da investigación, e nela deberán concorrer as garantías necesarias para protexer a seguridade da información.

Cando sexa unha terceira persoa a titular da información prevista nos dous parágrafos anteriores, solicitarase á súa autorización para cedela.

CAPÍTULO III **Colaboración institucional**

Artigo 18. *Colaboración externa*

1. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá colaborar co Instituto Nacional de Estatística e con outras entidades e organizacións locais, autonómicas, estatais, europeas ou internacionais. Farase especial énfase na cooperación transfronteiriza coa Rexión Norte de Portugal.

2. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá establecer unha colaboración con entidades e organizacións privadas.

Artigo 19. *Cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno*

1. O Instituto Galego de Estatística (IGE) deberá ser informado, con carácter previo, de todos os convenios e acordos que en materia estatística formalice calquera órgano ou entidade do sector público autonómico.

2. As actividades estatísticas derivadas destes convenios ou acordos quedarán amparadas por esta lei e incluíranse nos programas anuais, logo do informe favorable do IGE.



3. O IGE será informado dos ficheiros de datos para fins estatísticos que os órganos ou as entidades do sector público autonómico deban remitir a outra administración. Neste caso, o IGE recibirá unha copia deles.

4. No marco do principio de autoprovisión de servizos, o IGE será consultado previamente sobre os expedientes de contratación externa que pretendan tramitar os órganos e as entidades do sector público autonómico para desenvolver algunha das actuacións previstas no catálogo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 20. *Planificación*

1. O Instituto Galego de Estatística e os órganos estatísticos sectoriais (OES) que corresponda deberán ser informados previamente de todos os plans de carácter xeral, por abrangueren varios ámbitos ou sectores, que formalicen os órganos e as entidades do sector público autonómico, cando poidan precisar información elaborada ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística.

2. Para que o Sistema estatístico de Galicia provexa información para estes plans, esta deberá ser incluída nos programas mediante unha operación ou actividade estatística, independentemente de que haxa unha meta de información prevista.

Artigo 21. *Creación e modificación de rexistros e sistemas de información*

Para garantir o cumprimento dos criterios recollidos no artigo 5.1, o Instituto Galego de Estatística e o órgano estatístico sectorial que corresponda deberán ser consultados, con carácter previo, dos rexistros administrativos e dos sistemas de información susceptibles de explotación estatística, creados polos órganos e as entidades do sector público autonómico, así como das modificacións que impliquen cambios na devandita explotación.

CAPÍTULO IV

Inventario de operacións e actividades estatísticas

Artigo 22. *Inventario de operacións e actividades estatísticas*

1. O inventario será o marco de actuación da organización estatística da Comunidade Autónoma e recollerá as operacións e as actividades estatísticas dos programas.

2. Os órganos e as entidades do sector público autonómico facilitaranlle ao Instituto Galego de Estatística a información sobre a actividade estatística que realizan, co fin de contribuír a un maior coñecemento desta e de proceder ao seu inventario.

Artigo 23. *Contido*

1. Nas operacións estatísticas (OE) e nas actividades estatísticas (AE) especificaranse:

- a) o nome
- b) os organismos responsables



- c) as metas de información ou os outros obxectivos informativos
- d) os obxectivos concretos
- e) a periodicidade.

2. O inventario recollerá para cada unidade inventariada os indicadores de calidade calculados por programa.

3. Nas operacións figurarán os proxectos técnicos e, se procede, os cuestionarios.

Artigo 24. *Altas*

1. No anexo III figuran as operacións en curso ou en cumprimento e mais as actividades estatísticas do anterior plan que formarán parte do inventario inicial. As operacións e as actividades causarán alta no inventario cando aparezan por primeira vez nun programa. As operacións daranse de alta en implantación, agás as que se poidan introducir en cumprimento e dispoñan da súa metodoloxía.

2. Poderase inventariar unha operación ou unha actividade cando na normativa de creación dun rexistro administrativo ou sistema de información se estableza a posibilidade de realizar unha estatística e se determine o organismo responsable.

Artigo 25. *Modificacións*

Con cada programa anual modificaranse os datos do inventario. Para cambiar a periodicidade ou deixar de programar unha operación ou actividade, o organismo responsable deberalle comunicar ao Instituto Galego de Estatística estas circunstancias, xustificándoas. Delas daráselle conta ao Consello Galego de Estatística.

Disposición adicional única. *Creación do Rexistro de Poboación de Galicia*

1. Créase o Rexistro de Poboación de Galicia (RPG), no que constarán os datos do nome, apelidos, domicilio, sexo e data de nacemento das persoas inscritas nos padróns municipais de habitantes de todos os concellos galegos.

2. Baseándose nas previsións sobre as transmisións de datos entre administracións públicas recollidas no artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os datos persoais do RPG seranlle solicitados ao Instituto Nacional de Estatística, a quen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe a coordinación de todos os padróns municipais.

3. O Instituto Galego de Estatística (IGE) será o organismo responsable de manter, explotar e custodiar o RPG. As persoas interesadas poderán exercer perante o IGE os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, así como limitar ou oporse ao seu tratamento.

4. O RPG ten como finalidade que os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia se comuniquen coas persoas interesadas residentes no seu territorio respecto



das relacións xurídico-administrativas derivadas do exercicio das competencias que teñan atribuídas e exclusivamente para asuntos nos cales a residencia ou o domicilio sexan datos relevantes, así como tamén a de elaborar as estatísticas reguladas por esta lei. En todo caso, será aplicable o disposto no artigo 41.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio e só para os efectos da súa iniciación.

5. Agás os supostos previstos nas alíneas anteriores, os datos persoais do RPG son confidenciais e o seu tratamento e a súa libre circulación rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e, con carácter supletorio, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6. As medidas de seguridade do RPG serán as previstas no Esquema nacional de seguridade, de acordo co disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición transitoria única. *Metas de información de plans anteriores*

A organización estatística da Comunidade Autónoma poderá programar as operacións e as actividades estatísticas que tenten satisfacer as metas sen difusión do Plan galego de estatística 2012-2016 e do Plan galego de estatística 2017-2021.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei e, expresamente, a Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021, sen prexuízo do que se refire á execución e ao seguimento do Programa anual 2021 e á avaliación do Plan galego de estatística 2017-2021.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e executar esta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

ANEXO I Estrutura temática

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1. Territorio e recursos naturais

Sección 1.2. Medio ambiente



Área 2. Sociedade

- Sección 2.1. Poboación e fogares
- Sección 2.2. Sanidade
- Sección 2.3. Educación e capital humano
- Sección 2.4. Traballo
- Sección 2.5. Condicións sociais
- Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer
- Sección 2.7. Vivenda

Área 3. Estrutura produtiva

- Sección 3.1. Sector agrario
- Sección 3.2. Pesca e acuicultura
- Sección 3.3. Enerxía e industria
- Sección 3.4. Construción
- Sección 3.5. Servizos de mercado
- Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado
- Sección 3.7. Mercados e prezos
- Sección 3.8. Actividade empresarial
- Sección 3.9. Sistema de contas

Área 4. Coñecemento e tecnoloxía

- Sección 4.1. Sociedade da información
- Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía

ANEXO II Metas de información

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1. Territorio e recursos naturais

- Territorio
- Estradas
- Caza e pesca continental
- Recursos naturais e biodiversidade
- Incendios forestais
- Montes veciñais e comunidades de montes
- Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións

Sección 1.2. Medio ambiente

- Climatoloxía
- Calidade do aire
- Reservas e usos das augas



Calidade e depuración de auga
Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe
Hábitos e prácticas ambientais

Área 2. Sociedade

Sección 2.1. Poboación e fogares

Estrutura da poboación
Dinámica da poboación
Estrutura dos fogares
Dinámica dos fogares
Proxeccións demográficas

Sección 2.2. Sanidade

Asistencia sanitaria
Listas de agarda
Estado xeral de saúde da poboación
Morbilidade
Mortalidade por causas
Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogodependentes

Sección 2.3. Educación e capital humano

Ensino preobligatorio
Ensino obrigatorio
Ensino postobligatorio non universitario
Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións
Ensino universitario
Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral
Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas

Sección 2.4. Traballo

Caracterización do mercado laboral
Accidentes laborais e enfermidades profesionais
Salarios e custos laborais
Outras condicións laborais
Flexibilidade na aplicación das condicións laborais
Concertación laboral
Eleccións sindicais
Infraccións e sancións
Regulación de emprego
Persoas traballadoras estranxeiras



Sección 2.5. Condicións sociais

Ingresos e gastos dos fogares

Benestar

Pensións e outras prestacións

Emprego do tempo

Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade

Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais

Discapacidade

Violencia de xénero

Conciliación familiar e laboral

Capital social e participación cidadá

Xustiza e seguridade

Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer

Equipamentos e recursos culturais

Hábitos e prácticas culturais

Hábitos e prácticas deportivas e do lecer

Prácticas lingüísticas

Equipamentos e recursos deportivos

Sección 2.7. Vivenda

Demanda e acceso á vivenda

Parque de vivendas. Equipamento e características

Área 3. Estrutura produtiva

Sección 3.1. Sector agrario

Superficies agrarias

Efectivos gandeiros

Maquinaria e outro capital agrario

Producións e rendementos vexetais

Sacrificio de gando e outras producións e rendementos animais

Produción ecolóxica e de calidade

Características das explotacións agrarias

Sección 3.2. Pesca e acuicultura

Buques pesqueiros

Acuicultura

Primeira venda de produtos pesqueiros

Características das unidades de produción

Ocupación no sector da pesca



Sección 3.3. Enerxía e industria

Subsector industrial relacionado co sector primario
Produción, distribución e consumo de enerxía
Outras industrias manufactureiras

Sección 3.4. Construción

Edificación residencial e non residencial

Sección 3.5. Servizos de mercado

Comercio interior
Transporte de mercadorías e de pasaxeiros e pasaxeiras
Infraestruturas turística e hostaleira
Movemento de viaxeiros e viaxeiras. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados
Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado

Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado

Institucións sen fins de lucro
Ingresos tributarios e non tributarios
Recursos e gasto das administracións públicas galegas
Recursos e gasto na I+D+I

Sección 3.7. Mercados e prezos

Intercambios comerciais
Prezos nos sectores produtivos
Prezos no sector externo
Nivel xeral de prezos
Competitividade

Sección 3.8. Actividade empresarial

Estrutura e caracterización do sector empresarial
Conxuntura empresarial
Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas

Sección 3.9. Sistema de contas

Previsións macroeconómicas
Contas económicas
Marco *input-output*
Sectores institucionais
Contas satélites



Área 4. Coñecemento e tecnoloxía

Sección 4.1. Sociedade da información

Sociedade da información nos fogares
Sociedade da información nas empresas
Sociedade da información nas administracións
Sociedade da información no sistema educativo
Sociedade da información no sistema sanitario
Sociedade da información no medio rural

Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía

I+D+I nas empresas
I+D+I nas administracións
I+D+I na universidade
Comercio externo de produtos tecnolóxicos

ANEXO III

Operacións e actividades estatísticas consolidadas

1. Operacións estatísticas

Admisións a tratamento por consumo de substancias psicoactivas
Afiliações á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada
Análise da mortalidade
Centros especiais de emprego
Cifras poboacionais de referencia
Contas das sociedades mercantís de Galicia
Contas do sector fogares
Contas económicas anuais
Contas económicas trimestrais
Contaxe de vehículos nas estradas competencia da Comunidade Autónoma
Cooperativas
Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia
Datos sobre ocupacións máis contratadas
Desprazamento transnacional de persoas traballadoras
Eleccións sindicais
Empresas de traballo temporal
Empresas TIC de Galicia
Enquisa a empresas multilocalizadas
Enquisa conxuntural a fogares
Enquisa de ocupación na pesca
Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA)
Enquisa estrutural a fogares (EEF)
Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo



Estado do planeamento urbanístico dos concellos
Estatística da administración electrónica nos concellos galegos
Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos
Estatística de chamadas ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112
Estatística de construción de edificios
Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego
Estatística de execución de medidas xudiciais impostas a menores
Estatística de familias numerosas
Estatística de licenzas de pesca e caza
Estatística de protección de menores
Estatística de sacrificio de gando en matadoiros
Estatística de violencia de xénero
Estatística do ensino non universitario en Galicia
Estatística sobre a administración electrónica na Xunta de Galicia
Estatística sobre as persoas beneficiarias da risga e das axudas de inclusión social
Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil*
Explotación do censo de persoas con discapacidade
Explotación do directorio de empresas e unidades locais
Explotación do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma
Explotación do Rexistro de gando bovino
Explotación do Rexistro de maquinaria agrícola
Explotación do Rexistro de ovino e cabrún
Explotación do Rexistro galego da sida
Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo
Explotación do Rexistro galego de tuberculose
Explotación do Rexistro sobre prezos declarados polos compradores de leite
Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
Explotación do Rexistro vitícola
Explotación estatística do Rexistro de parellas de feito
Indicadores de actividade e de valor engadido bruto (VEB) do sector servizos
Indicadores de cohesión social
Indicadores de multilocalización empresarial
Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio
Indicadores de xénero
Indicadores demográficos
Índices de competitividade
Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario
Infraccións e sancións na orde social
Inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional
Marco *input-output*
Matriz de contabilidade social
Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas
Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista
Persoal ao servizo da Administración autonómica
Prezos agrarios
Prezos da terra



Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada
Produto interior bruto municipal
Proxeccións de fogares
Proxeccións de poboación a curto prazo
Renda municipal do sector fogares
Reservas de auga
Sector cunícola
Sector porcino industrial
Sinistralidade laboral
Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural
Sistema de indicadores da sociedade da información
Sistema de indicadores de lonxevidade
Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica
Sistema de información sobre a calidade microbiolóxica das zonas de baño
Situación das TIC nos centros sanitarios
Sociedades laborais
Superficies agrícolas
Táboas de mortalidade
Xestión de residuos de competencia municipal

2. Actividades estatísticas

A sociedade da información no medio rural
Accesibilidade á vivenda
Actividade industrial en Galicia
Asistencia xurídica gratuíta
Balance enerxético
Banco de series de conxuntura
Calidade do aire
Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia
Climatoloxía
Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía
Conciliacións individuais e colectivas
Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, a ocupación e a rendibilidade empresarial
Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km²
EEF. Características básicas dos fogares
EEF. Coñecemento e uso do galego
EEF. Módulo sobre a poboación dependente
EEF. Novas tecnoloxías
Emprego na Seguridade Social e nas mutualidades
Emprego no sector turístico galego
Enfermidades de declaración obrigatoria
Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas
EPA. Decil de salarios do emprego principal
EPA. Emprego das persoas con discapacidade
EPA. Estatística de fluxos da poboación activa



EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica
EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
EPA. Variables de submostra
Estatística de bibliotecas públicas
Estatística de permisos de marisqueo a pé
Estatística de produción da acuicultura mariña
Estudo sobre salarios
Explotación da mostra continua de vidas laborais
Explotación do índice de comercio polo miúdo
Explotación do índice de produción industrial
Explotación do movemento natural da poboación
Explotación do Rexistro de avicultura
Explotación do Rexistro de contratos laborais
Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario
Explotación dos movementos migratorios
Explotación estatística da información tributaria
Galicia aberta: a emigración en cifras
Incendios forestais
Indicador da intensidade da demanda turística
Indicadores ambientais
Indicadores de contexto da economía galega
Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural
Indicadores de demografía empresarial
Indicadores de innovación
Información do mercado laboral rexistrado
Información estatística do sistema sanitario galego
Informe das variacións do índice de prezos de consumo
Informe do paro rexistrado
Negociación colectiva
Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes
Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia
Panorama dos sete grandes concellos
Panorama rural e urbano
Pensións e outras prestacións
Rendementos de cultivos
Seguimento e análise da construción

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Noa Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión
Paula Prado del Río
Secretaria da Comisión



Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

- 21016 (11/PL-000010)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

BOPG nº 196, do 08.09.2021

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 25561).

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25555).

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.3. Proposicións retiradas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 1 de decembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Retirada da iniciativa

- 23178 (11/PNC-002182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre a ampliación por parte da Xunta de Galicia do horario de apertura ao público dos locais de hostalaría e ocio nocturno

BOPG nº 210, do 06.10.2021

Aprobación sen modificacións

- 24231 (11/PNC-002265)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que impulse ante a Comisión Europea a proposta de modificación do Real decreto de delimitación da zona de promoción económica para Galicia, co obxecto de incluír o naval entre os sectores promocionables conforme a normativa de axudas rexionais

BOPG nº 224, do 10.11.2021



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que impulse e notifique ante a Comisión Europea a correspondente proposta de modificación do Real decreto de delimitación da zona de promoción económica para Galicia, e así incluír o naval entre os sectores promocionables conforme á normativa de axudas rexionais. E, unha vez obtida a autorización da Comisión, aprrobe o novo real decreto no que se faga constar o sector naval como promocionable.»

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 30 de novembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 24486 (11/PNC-002293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno español e á Comisión Europea do seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas do 2022

BOPG nº 228, do 17.11.2021

Sométese a votación por puntos co resultado seguinte:

Puntos 1, 2 e 3: resultan aprobados pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

Punto 4: resulta aprobado por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

— Trasladar ao Goberno español e á Comisión Europea o seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas para o 2022.

— Defender diante do Goberno español e a UE a aplicación real das variables económicas e sociais previstas na Política Pesqueira Común para a fixación de capturas.



— Desbotar calquera redución de capturas para o ano 2022 que implique un impacto económico para a frota pesqueira galega.

— Dar cumprimento ao acordo parlamentario do 10 de febreiro de 2021, relativo ao recoñecemento de Galicia como “zona altamente dependente da pesca”, á revisión do “principio de estabilidade relativa” e ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galicia en materia pesqueira.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 21320 (11/PNC-002025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de aprobar de forma urxente a modificación do Real decreto de ordenación pesqueira e a súa adecuación a determinadas disposicións normativas

BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España aprobar de modo urxente a modificación do Real decreto de ordenación pesqueira de cara a regular de xeito rápido a creación dunha lista específica de embarcacións co obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos.»

- 21877 (11/PNC-002075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dos deputados/as máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia perante o Goberno central en relación coa minaría submarina

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandarlle ao Goberno do Estado:

—A promoción e defensa diante da Alta Autoridade dos Fondos Mariños (ISA) dunha moratoria da minaría submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os seus efectos no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida xestionar a



minaría submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden os ecosistemas mariños.

—Que se garanta a participación das organizacións ambientais e pesqueiras nas delegacións do Estado español diante da Alta Autoridade dos Fondos Mariños e promova a defensa dunha reforma dese organismo para una maior transparencia e participación da sociedade civil e sectores afectados.

—Que adopte una prohibición da minaría submarina nas súas augas xurisdicionais e exclúa explicitamente a posibilidade de realizar esta actividade nas Áreas Mariñas Protexidas e Áreas Mariñas de Importancia Ecolóxica ou Biolóxica, incluíndo o Banco de Galicia fronte ás costas galegas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 14471 (11/PNC-001475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos conflitos existentes entre bateiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 23102 (11/PNC-002173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa

BOPG nº 210, do 06.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de novembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 25194 (11/PRE-007224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das obras necesarias no edificio do Instituto de Ensino Secundario Alfredo Brañas, de Carballo

- 25207 (11/PRE-007225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o posicionamento da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias diante da actividade extractiva da empresa Erimisa no concello de Frades

- 25214 (11/PRE-007226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recuperación dos terreos de Ence e as alternativas no sector forestal galego

- 25220 (11/PRE-007227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, o monte O Galiñeiro e o monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos

- 25231 (11/PRE-007228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da exixencia á empresa Lugove, concesionaria da liña de autobuses Vigo-A Guarda, de garantir a limpeza diaria dos autobuses, a instalación de baños na cabeceira de cada liña para o seu persoal e o cumprimento dos horarios estipulados

- 25237 (11/PRE-007229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto de que o sector servizos sexa o que máis accidentes laborais rexistra

- 25240 (11/PRE-007230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os datos que constan no Goberno galego de cortas, plantacións e denuncias recibidas por infraccións na normativa forestal nos anos 2019, 2020 e 2021, especificadas por concellos

- 25246 (11/PRE-007231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música



- 25271 (11/PRE-007232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza en Galicia

- 25274 (11/PRE-007233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia

- 25281 (11/PRE-007234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre os pasos dados pola Xunta de Galicia para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá

- 25287 (11/PRE-007235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para que o castelo de Maside ou de Ferreira poida integrarse na oferta turística do concello de Pantón

- 25295 (11/PRE-007236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios

- 25312 (11/PRE-007237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a creación dunha nova residencia de maiores e centro de día públicos no antigo inmoble do Rebullón en Mos

- 25319 (11/PRE-007238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos arredor do uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade e da actualización dos protocolos no ámbito educativo para atallar o mal uso da internet

- 25325 (11/PRE-007239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento da normativa vixente sobre a extracción da mexilla e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para resolver o conflito entre bateiros e percebeiros



- 25326 (11/PRE-007240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a postura negacionista da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por parte do Goberno central

- 25330 (11/PRE-007241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para incrementar os grupos e o profesorado no Instituto de Ensino Secundario Santo Tomé de Vigo

- 25335 (11/PRE-007242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a situación sociolaboral do sector galego da automoción

- 25348 (11/PRE-007243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da nave que está a ser construída no porto do Xufre, na Illa de Arousa

- 25356 (11/PRE-007244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación asistencial da saúde mental e do nivel de execución do Acordo parlamentario sobre a atención da saúde mental adoptado en marzo de 2021

- 25359 (11/PRE-007245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para contribuír a que se alcance un acordo entre Reganosa e o Concello de Mugarodos para minimizar o impacto do imposto sobre as actividades económicas da resolución do Tribunal Económico e Administrativo Central en relación coa aplicación á empresa

- 25364 (11/PRE-007246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as modificacións á Lei de montes veciñais en man común incluídas no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos de 2022

- 25368 (11/PRE-007247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do acontecido no segundo exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 001 do grupo IV, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia

- 25373 (11/PRE-007248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as xestións que está a realizar a Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no porto de Vigo

- 25388 (11/PRE-007249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facilitarlle o acceso á educación a unha alumna do concello de Marín con mobilidade reducida

- 25395 (11/PRE-007250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implantar no concello do Pereiro de Aguiar un instituto público de ensino secundario ou un centro público integrado que inclúa o bacharelato

- 25402 (11/PRE-007251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os hábitos de contratación temporal utilizados polo Servizo Galego de Saúde

- 25407 (11/PRE-007252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para manter a actividade da planta de alumino Alu Ibérica na Coruña

- 25426 (11/PRE-007253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a situación da Rede de centros de información ás mulleres

- 25434 (11/PRE-007254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para resolver a tramitación do aumento de rendemento das explotacións aprobado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe do Ribeiro

- 25442 (11/PRE-007255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a posibilidade de creación pola Xunta de Galicia dunha axencia de saúde pública de Galicia

- 25446 (11/PRE-007256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación da Rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das nenas e dos nenos usuarios deste servizo

- 25457 (11/PRE-007257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020

- 25465 (11/PRE-007258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego para a elaboración dunha estratexia de conservación, mellora e posta en valor do bosque autóctono

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 30 de novembro de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 25185 - 9187 (11/PRE-002524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

- 25202 - 12154 (11/PRE-002908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as modificacións introducidas na liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, correspondente ao servizo de transporte público para persoas traballadoras e funcionarias

- 25197 - 17414 (11/PRE-003787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa

- 25199 - 14266 (11/PRE-004879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación e execución da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas

- 25196 - 17416 (11/PRE-005180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa

- 25182 - 17643 (11/PRE-005203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que as obras da circunvalación do concello de Ribeira se fagan co máximo diálogo e consenso social

- 25201 - 12155 (11/PRE-006107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as modificacións introducidas na liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, correspondente ao servizo de transporte público para persoas traballadoras e funcionarias

- 25184 - 13358 (11/PRE-006197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a resolución das alegacións presentadas ao proxecto de trazado de circunvalación para Ribeira

- 25200 - 14265 (11/PRE-006314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación e execución da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas

- 25198 - 17413 (11/PRE-006645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa



- 25183 - 17641 (11/PRE-006669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para minimizar o impacto ambiental, paisaxístico e social do proxecto de circunvalación do concello de Ribeira

- 25327 - 19495 (11/PRE-006691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada OU-536, Ourense-A Pobra de Trives

- 25181 - 20621 (11/PRE-006791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o tratamento das augas residuais e o funcionamento da depuradora da illa de Ons
BOPG n.º 197, do 09.09.2021

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 9 de decembro de 2021, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 9 de decembro de 2021, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 30 de novembro de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 ebate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 (doc. núm. 21016, 11/PL-000010)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG núm. 237, do 2.12.2021



Punto 2. Comparecencia

2.1 25382 (11/PPP-000068)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da avaliación e dos resultados do Plan preventivo de incendios forestais para o 2021

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

Punto 3. Mocións

3.1 25490 (11/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín

Sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16842, publicada no BOPG núm. 229, do 18 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 23 de novembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

3.2 5517 (11/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 23473, publicada no BOPG núm. 229, do 18 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 23 de novembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

3.3 25518 (11/MOC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a situación económica do sector lácteo (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24211, publicada no BOPG núm. 229, do 18 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 23 de novembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 11766 (11/PPP-001153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego

Publicación da iniciativa, BOPG n° 105, do 03.03.2021

4.2 12608 (11/PPP-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG n° 112, do 17.03.2021



4.3 23542 (11/PNP-002128)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e oito deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo, durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

4.4 24063 (11/PNP-002162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria fronte ás actuacións do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

4.5 5088 (11/PNP-002259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para orzar e executar a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos desde xaneiro de 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

4.6 25177 (11/PNP-002269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 24761 (11/INT-001285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a regulación do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

5.2 24884 (11/INT-001293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a normativa mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

5.3 25154 (11/INT-001315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis



Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 25620 (11/POPX-000049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos e efectos da sexta onda da covid

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

6.2 25622 (11/POPX-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a posición da Presidencia da Xunta respecto dos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 21971 (11/POP-003248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre a situación da industria do automóbil de Vigo ante a falta de abastecemento de semicondutores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

7.2 25222 (11/POP-003560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, o monte O Galiñeiro e o monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 232, do 24.11.2021

7.3 25619 (11/PUP-000219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e González Iglesias, María do Carme

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das carencias que existen no ámbito educativo na localidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

7.4 19341 (11/POP-002647)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis



Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021

7.5 23854 (11/POP-003421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e tres deputados/as máis

Sobre a cobertura de todas as prazas de especialistas de Radiodiagnóstico e Traumatoloxía do Hospital Público de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

7.6 24547 (11/POP-003497)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as vinte medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidad para mellorar e flexibilizar o sistema de acreditación de prazas de formación sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

7.7 25072 (11/POP-003544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a grave perda de produción de castañas na campaña de 2021 en Ourense e Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

7.8 25613 (11/PUP-000217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento da normativa vixente sobre a extracción de mexilla

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución do acordo do Pleno do Parlamento do día 23 de novembro de 2021 polo que se aproba a Lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Advertido un erro no oficio de comunicación do acordo, e na súa publicación no BOPG núm. 235, do 30 de novembro de 2021, páxina 91263, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di: «...Lei de reforma da Lei 11/2007...» debe dicir: «...Lei pola que se modifica a Lei 11/2007...».

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara MANTÉN, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)]**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2021 11:22:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa mesa que mantén para a súa defensa en Pleno as emendas presentadas ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 (doc. 21016), agás as aprobadas ou transacionadas.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/11/2021 11:36:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do IES Alfredo Brañas (Carballo) constituíu un acontecemento para a vila e para toda a comarca ao dar a oportunidade de estudar, e para moitos acceder ao nivel universitario, a milleiros de alumnos da Costa da Morte.

Este centro de secundaria empezou a funcionar no curso 1970-1971, polo que neste mesmo ano cumpriu 50 anos.

A día de hoxe, o IES Alfredo Brañas conta con 620 alumnos, e impártense clases de secundaria, bacharelato e un ciclo de actividades comerciais.

Polas súas aulas pasaron nomes ilustres de Carballo e do resto de Bergantiños e Costa da Morte, constituíndose coma un referente non so dende o punto de vista educativo, senón tamén cultural e asociativo. Foi nesas aulas onde se fomentaron e prenderon as inqedanzas culturais de moitas mozas e mozos do propio pobo e da comarca. Grupos de teatro, de música ou un dos primeiros fanzines en galego naceron neste centro. E tamén o sindicalismo estudantil dos anos 90, coa constitución do Comités Abertos de Estudantes, que xogaron un papel relevante na loita polos dereitos das e dos estudantes e na reivindicación de melloras nun centro que xa neses anos contaba con deficiencias importantes polo desleixo da administración autonómica.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desleixo que continúa a día de hoxe.

O centro conta cun salón de actos dotado dun patio de butacas con capacidade para 294 persoas e con un “galiñeiro” que, en principio, contaría con 119 butacas. Un salón de actos como poucos na provincia, no que se desenvolven numerosas actividades durante todo o ano, como as festas e celebracións propias do calendario docente, pero que tamén acolle conferencias, proxección de películas e documentais, o propio acto de graduación ou é o lugar onde ensaian e se representan obras de teatro.

No mes de xuño do presente ano caeu o teito do salón de actos, provocado, posiblemente, polas humidades e por unha praga de avelaíña. Sen ter que lamentar danos persoais, os danos materiais son abondosos: caída de parte do falso teito de escaiola, que, á súa vez, provocou cuantiosos estragos nas butacas así coma danos no sistema de iluminación e eléctrica. Ao que hai que sumarlle a praga de avelaíñas, que afecta a gran parte das butacas (con repousabrazos de madeira).

Ante esta situación, a equipa directiva adoptou a única decisión posible. Clausurar o salón de actos e dar traslado á Consellería do acontecido.

Feita esa comunicación, nese mesmo mes de xuño xirou visita ao centro un membro da oficina técnica da Consellería máis un arquitecto, para avaliar os danos. Realizada esa visita, por parte da Consellería comunicóuselle á equipa directiva que volverían ao final do verán para buscar unha solución.

Iniciado xa o curso, e pasados máis de cinco meses, ninguén da Consellería nin da oficina técnica se puxo en contacto coa dirección do centro para solucionar un problema que ten inutilizado o salón de actos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe, non é posible realizar ningunha das múltiples actividades que habitualmente teñen lugar neste salón sen poñer en risco a integridade física dos docentes, do resto de persoal do centro ou dos propios alumnos.

O desleixo da Consellería de Educación é absolutamente inxustificable e constitúe un desplante máis cara un centro que leva máis de cinco anos sen que se realicen investimentos de relevancia. Un centro que precisa dunha actuación integral no salón de actos, coa colocación dun novo falso teito, a reposición do patio de butacas afectado pola avelaíña, unha actuación no peralte do “galiñeiro” que habilite a totalidade das butacas da parte superior, hoxe limitadas á primeira fila, así coma todas as actuacións necesarias para garantir a seguridade dentro do salón e permitir o uso habitual do mesmo. Pero que tamén esixe outras actuacións nas fachadas do edificio polo perigo que existe de caída de cascotes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cando ten previsto o goberno galego levar a cabo o arranxo do salón de actos do IES Alfredo Brañas de Carballo?

.Cando ten previsto o goberno galego levar a cabo as obras de reparación da fachada do IES Alfredo Brañas de Carballo?

. Elaborouse un informe por parte da oficina técnica dependente da Consellería de Educación, despois da visita do técnico e do arquitecto ao centro educativo, para coñecer as razóns e avaliar os danos provocados no salón de actos pola caída do falso teito? Contéplase algunha solución nese informe?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é o motivo para que máis de cinco meses despois de ter coñecemento da caída do teito do salón de actos do IES Alfredo Brañas, a Consellería de Educación non adoptase medida algunha para solucionar o problema?

. Cal é o motivo para que máis de cinco meses despois de ter coñecemento da caída do teito do salón de actos do IES Alfredo Brañas, a Consellería de Educación non se puxese en contacto coa equipa directiva ao respecto deste feito?

. É coñecedora a Xunta de Galiza do perigo certo de caída de cascotes que supón o estado da fachada do IES Alfredo Brañas de Carballo?

. Cando ten pensado a Xunta de Galiza acometer a reparación das fachadas do IES Alfredo Brañas?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/11/2021 09:35:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 22/11/2021 09:35:05





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

...“A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían aos concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascenas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible, ou no mellor dos casos, custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exiguu.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan para hoxe e fame callada para mañá ao deixar a terras en situación de aridez case permanente...”

Así rezaba o argumentario principal dunha das preguntas parlamentarias rexistradas en 2017 e respostada unha delas en Comisión polo Dtor. Xeral señor Pérez Dubois quen, en nome do goberno galego, exhibiu un informe desfavorable da Dirección Xeral de Agricultura co que se daba como practicamente denegada a DIA do proxecto mineiro en cuestión.

Mais na Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de Explotación da Concesión Derivada XANCEDA N~ 7138 nos concellos de FRADES e MESIA (A CORUÑA), promovido por ERIMSA. 2016/0201, aparece mencionado un segundo informe emitido pola xa citada Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias nas que muda de opinión e pasa a ser favorable ao proxecto con condicións. Este segundo informe radicalmente contraposto ao anteriormente emitido suscitaba as alarmas na comarca e motivaba a seguinte pregunta feita na Comisión 7ª ao sr. Director Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias:

--Que razóns ou presións levan á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias a cambiar de criterio neste segundo informe a que alude a DIA ?

Na súa resposta xustificábase que a positividade deste segundo informe era a unha actividade mineira parcial, de común acordo entre a empresa e os propietarios, non incluía as terras adicadas a produción ecolóxica e seguía negando o dereito a expropiación por parte da empresa.

E neste mes de novembro, unha outra vez, a Consellaría de Medio Ambiente vén de autorizar á empresa Erimsa a extraer seixo de silicio en 1.160 has. agrícolas no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello de Frades polo procedemento de peneirado da terra coa condición de existir acordo cos propietarios e devolvérllas aptas novamente para uso agrícola.

O concello de Frades foi e máis é exemplo de desenvolvemento gandeiro cunha cabana de vacún lácteo considerable e cunha estrutura da propiedade que contou con concentracións parcelarias desde antes dos 80 do século pasado.

Calquera técnico en edafoloxía e en produción agrícola sabe, e así o afirman, que o proceso extractivo do croio de silicio, a unha fondura media dun a dous metros, desestrutura o solo afectando gravemente a súa fertilidade facendo o proceso irreversible.

Esta actividade, segundo a empresa, supoñerá 8 novos postos de traballo, claro que se pode contra argumentar preguntando cantos postos de traballo e canta riqueza sostible xeran 1.160 has. de terreo de alto rendemento agrario.

Porque do que falamos é de terras altamente produtivas e que son tamén o resultado de investimentos públicos en concentracións parcelarias, melloras, PAC... que tras os procesos extractivos quedarían anulados. E falamos do deterioro produtivo e ambiental de 11,6 Km2 sobre unha superficie total do concello de 81 incluído monte, zonas improdutivas...

Somos conscientes de que hai un crecente desánimo na actividade agrogandeira dalgunhas explotacións que non ven claro o seu futuro debido á incerta situación do sector lácteo e á falta de sucesión e continuidade nalgúns casos. Mais iso non é argumento para derramar permanentemente SAU de alto rendemento agrícola





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que razóns ou presións levan á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias a non intervir en defensa da SAU ameazada pola actividade extractiva da empresa Erimisa no concello de Frades?

. Cal é a razón pola que en Frades si e na Terra Chá non?

. Cal é a razón pola que desde a Consellaría do Medio Rural se permite que 1.160 hectáreas perdan unha boa parte da súa fertilidade logo dos moitos cartos que a administración investiu ?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 22/11/2021 12:18:00

María González Albert na data 22/11/2021 12:18:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/11/2021 12:18:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a recuperación dos terreos de ENCE e as alternativas no sector forestal galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Autoridade Portuaria Porto de Marín e ría de Pontevedra anunciou a pasada semana a intención de solicitar o inicio do procedemento para adscribir os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados pola empresa ENCE e tamén os que ocupou ELNOSA en Lourizán como Zona de Actividade Loxística (ZAL) do porto de Marín.

Esta iniciativa non é nova. Xa no ano 2005 se fixo unha tentativa semellante que acabou sendo desbotada pola administración xeral do Estado debido a diversos informes xurídicos e urbanísticos desfavorábeis.

Agora vólvese facer unha nova tentativa que ten unha única finalidade: burlar unha decisión xudicial contraria á continuidade de ENCE en Lourizán. Non se trata pois de ampliar os terreos portuarios, que se podería facer facilmente noutra ubicación impulsando un Porto Seco, senón de buscar un suposto atallo para forzar a continuidade de ENCE nuns terreos que deben ser recuperados para o dominio público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En realidade tampouco se trata diso: a única intención desta “iniciativa” é crear falsas expectativas e intentar enganar a cidadanía con solucións condenadas ao fracaso. A única intención desta proposta é estirar artificialmente o debate da continuidade de ENCE na ría de Pontevedra, co obxectivo de utilizar esta controversia inventada como ariete contra o goberno municipal de Pontevedra e contra o goberno central.

Nesta postura de confrontación estéril, o goberno galego superou todos os límites ao manipular de maneira burda o informe do Consultivo sobre a posíbel ampliación do Porto de Marín integrando os terreos que actualmente ocupa ENCE, un informe que deixa claro que o futuro de ENCE depende dunha decisión xudicial, non dunha utilización torticeira da lexislación portuaria para iniciar un camiño que saben que está condenado ao fracaso.

En lugar desta estratexia de confrontación e de oposición, a Xunta debería actuar en modo “goberno” e liderar unha alternativa de futuro para a industria forestal galega nun marco que garanta a multifuncionalidade do monte, a aposta por madeiras de calidade, o incremento da cadea de valor e o peche de ciclos.

A Xunta ten que dar carpetazo o debate sobre a permanencia de ENCE en Lourizán e poñerse a traballar na procura de posíbeis emprazamentos para un complexo de transformación forestal que permita non só construír unha nova planta de produción de celulosa senón tamén completar o ciclo con unha planta de produción de papel, con un centro de investigación e innovación e con instalacións para xerar outros bioproductos con expectativas dunha demanda crecente.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta desbotar a estratexia de confrontación e a utilización das institucións con fins partidistas, como está a ocorrer co debate sobre os terreos que ocupa o complexo industrial de ENCE en Lourizán?

. Vai o goberno galego deixar de defender publicamente a falsa opción da integración de ENCE no Porto de Marín?

. Ten previsto a Xunta impulsar o diálogo coas demais institucións e co sector forestal galego para procurar emprazamentos e para impulsar proxectos alternativos e de futuro con iniciativa e participación pública, que xeren emprego de calidade, que pechen ciclos, que impulsen novos aproveitamentos dos produtos forestais e que garantan un desenvolvemento sustentábel e multifuncional do monte?

. Vai impulsar unha mesa de diálogo sobre o futuro dos terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa actualmente ENCE, co obxectivo de levar a cabo o previsto na disposición adicional terceira do Plan de Ordenación do Litoral?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2021 13:11:37

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2021 13:11:40

Paulo Ríos Santomé na data 22/11/2021 13:11:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As serras suroccidentais da Groba e do Galiñeiro, xunto co Monte Aloia, conforman un conxunto de espazos de extraordinario valor cultural, natural, xeolóxico, paisaxístico, biolóxico, arqueolóxico e hídrico.

Pola súa importancia ambiental e pola alta representación de hábitats de interese prioritario e de especies protexidas, a serra do Groba e o monte da Valga, xunto coa Costa de Oia, foron propostas en 2012 para a súa inclusión na Rede Natura. A Groba conta con representación de 11 hábitats considerados de interese comunitario e de interese prioritario na Directiva Hábitats e é refuxio de especies de interese comunitario entre as que se encontran algunhas ameazadas como a píntega rabilonga e o sapo de esporóns.

Na serra da Groba e no monte da Valga existen cando menos 12 humidais incluídos no Inventario de humidais de Galicia (2003), enclaves que teñen unha grande importancia para a biodiversidade, para o abastecemento de auga e para a loita contra o cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas serras son o ecosistema duns 1500 cabalos e égoas en liberdade, cuxa supervivencia depende da conservación das brexeiras húmidas atlánticas e doutros hábitats de interese.

Trátase dunha zona de grande riqueza patrimonial e dunha das áreas de maior densidade arqueolóxica de toda Galiza, con unha boa parte dos bens sen catalogar.

No ámbito paisaxístico cabe sinalar os seguintes valores:

-A serra do Galiñeiro foi catalogada como Área de Especial Interese Paisaxística (Catálogo das Paisaxes).

-A Serra da Groba e a Chan da Valga foron catalogadas como Áreas de Especial Interese Paisaxística

-Cabo Silleiro e o Alto do Castelo foron declarados Espazos de Interese Paisaxística no Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Trátase por último dunha área de grande importancia como zona de alimentación e de paso de aves migratorias, xa que está estratexicamente situada entre o esteiro do Miño (ZEC e ZEPA), as Gándaras de Budiño (ZEC), o esteiro do río Miñor (ZEC), as illas Estelas (ZEC) e as Illas Cies (ZEC e ZEPA)

A serra da Groba, o monte da Valga e a serra do Galiñeiro están ameazadas por numerosos proxectos eólicos (7 até o momento) que constitúen unha sorte de megapolígono industrial con graves afeccións nos hábitats, especies, recursos hídricos, fauna, flora, patrimonio material e inmaterial... Só desde unha concepción produtivista e depredadora do territorio se pode entender unha agresión ambiental desta magnitude, que causaría danos irreversíbeis no caso de levarse a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En lugar de velar pola protección de hábitats e paisaxes de grande valor, a Xunta facilita a tramitación destes proxectos industriais, ao abeiro dunha lexislación deseñada e modificada varias veces para eliminar garantías de información e participación, como se pon de manifesto na tramitación do parque eólico Alvariño I.

Ademais, o goberno galego permite a fraude de lei da fragmentación dun único proxecto noutros máis pequenos, para evitar garantías ambientais e eludir unha avaliación ambiental máis esixente e integral, que contemple todos os impactos tanto na fase de construción e na de funcionamento. Esta fragmentación tamén impide avaliar de maneira sinérxica e integral os impactos conxuntos das infraestruturas de evacuación e das liñas de alta tensión necesarias para a conexión á rede.

Así e todo, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) advirte dos impactos críticos que terán os parques eólicos, concretamente no caso do proxecto Alvariño I, en fase de autorización administrativa.

Diante da reactivación dos proxectos eólicos que afectan ao Galiñeiro, a Groba, o monte da Valga, a costa de Oia e o Aloia, un grande número de entidades agrupadas na plataforma SOS Groba presentaron cen mil sinaturas en contra destes parques. E tamén os plenos de oito concellos afectados do Val Miñor e do Baixo Miño, de todas as cores políticas, expresaron o seu rexeitamento a estes proxectos eólicos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai ter en conta o goberno galego as demandas dos concellos e da maioría social e en consecuencia desbotar a aprobación dos parques eólicos previstos nas serras da Groba, O Galiñeiro, Monte Aloia e Monte da Valga?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta permite a fragmentación dun megaproxecto eólico noutros máis pequenos?

. Ten previsto o goberno galego estudar e avaliar o impacto conxunto dos parques eólicos e das infraestruturas de evacuación no Val Miñor e no Baixo Miño?

. Ten previsto a Xunta protexer as serras suroccidentais de Galiza mediante a súa inclusión na Rede Natura ou por medio doutras figuras de protección?

. Considera o goberno galego necesario primar o aproveitamento e desenvolvemento das enerxías renovábeis con criterios de descentralización, proximidade, autoabastecemento e fomento das comunidades enerxéticas locais, como alternativa aos megaproxectos industriais que teñen unha forte afección e impacto no territorio?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2021 13:46:16

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2021 13:46:27

Paulo Ríos Santomé na data 22/11/2021 13:46:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/11/2021 13:46:44

María do Carme González Iglesias na data 22/11/2021 13:46:51



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En decembro de 2020 a nova concesionaria, unión temporal de empresas Lugove, substituíu ás empresas ATSA e Melytour, despois de cincuenta anos ao fronte do servizo de autobuses que une Baiona, Nigrán e Gondomar con Vigo. “Os novos autobuses traerán importantes novidades para as persoas usuarias. Entre elas, tres liñas rápidas que permitirán aforrar, segundo os cálculos da Xunta de Galicia, ata máis de media hora por traxecto á cidade mediante a redución de paradas, e a entrada en funcionamento dunha liña circular que unirá os tres concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar” segundo anunciara nesas datas a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O novo contrato mantivo o ámbito xeográfico do anterior e reordenou as conexións entre o Val Miñor e o Baixo Miño con Vigo, dun xeito que afecta aos concellos da Guarda, Baiona, Gondomar, Nigrán, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui. Os veciños e veciñas destas comarcas ían beneficiarse de melloras como máis desprazamentos directos á cidade a través de tres liñas de nova creación que se sumarían ás máis de 30 expedicións diarias ao Baixo Miño e ás máis de 80 miñoranas. A liña número 25 parte de O Rosal e percorre Tomiño e Gondomar ata Vigo. Reduciu o número de paradas de máis de 50 a 13 e cobrearía o traxecto nun tempo estimado dunha hora, 30 minutos menos do habitual. As liñas 26 e 27, que comunican a Guarda con Vigo pola costa, percorren distancias de 74 e 64 quilómetros con 16 e 15 paradas, respectivamente. As viaxes mantéñense en 1 hora e 20 minutos e reduciríanse en 40 minutos con respecto ás anteriores co mesmo percorrido, segundo os datos que ofreceu o departamento na súa presentación.



Estas melloras anunciadas en decembro do ano pasado pola Xunta de Galicia non se están a cumprir. As persoas usuarias da ruta Vigo - A Guarda quéixanse continuamente de que non se cumpren os horarios, fundamentalmente na época estival e non se reduciu o tempo, as liñas non son mais rápidas como se anunciara fai un ano.

Outra queixa moi preocupante é que non se limpan os autobuses diariamente, só se fai os sábados. Coa anterior empresa de autobuses a limpeza dos vehículos facíase tódolos días por dentro e por fóra, nin tan sequera en plena pandemia da COVID- 19 limpáronse os vehículos todos os días.

E a maiores está o problema dos condutores e das condutoras; non teñen baños. Coa anterior concesionaria tiñan nas cabeceiras de cada liña tres baños para homes e dous para mulleres e 4 lavabos.

Estas reivindicacións as levan facendo desde fai un ano os usuarios e usuarias desta liña de autobuses sen que desde a Xunta de Galicia se faga absolutamente nada para dar solución a estas queixas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1-Ten pensado a Xunta de Galicia esixirle á empresa concesionaria a garantir a limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo – A Guarda?

2-Vai o Goberno autonómico solicitarlle á empresa Lugove a instalación de baños na cabeceira de cada liña para os seus traballadores e traballadoras?

3- Vai facer cumprir a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade os horarios estipulados coa empresa concesionaria da liña Vigo – A Guarda, fundamentalmente na época estival?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/11/2021 16:03:58

Patricia Otero Rodríguez na data 22/11/2021 16:04:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2021 16:04:19



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os datos a setembro de sinistros laborais de 2021 mostran 18.558 accidentes de traballo en xornada con baixa e 35 mortais, sen computar os accidentes *in itinere* segundo a estatística publicada polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Se nos centramos en datos semestrais a sinistralidade laboral, no primeiro semestre do ano, a pesar da baixada da actividade laboral, por mor da crise que se está a vivir motivada pola pandemia, segue a presionar ó mercado laboral galego. Un total de 24.511 accidentes en Galicia no 2020 e 11.211 nos seis primeiros meses de 2021, que supoñen o 4,2 % do total dos sinistros rexistrados en todo o Estado, ben sexa porque son vítimas dos accidentes no traballo e no peor dos casos, porque faleceron no seu posto de traballo, 59 falecidos nesta Comunidade no 2020 e xa 18 mortos nos seis primeiros meses de 2021.

Os datos a setembro de 2021 mostran 18.558 accidentes de traballo con baixa e 35 mortais.

Son as condicións de traballo que están na orixe desta eiva, sobre todo nun mercado laboral como o galego marcado pola precariedade segundo indica o sindicato UGT.

Produciuse unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva.

Na última década asistimos a un rebrote dos accidentes de traballo, á ocultación e subregistro das enfermidades profesionais

Nos seis primeiros meses de 2021 en Galicia xa se rexistraron 11.211 accidentes laborais con baixa (10.319 en xornada e 892 “*in itinere*”). Destes, 10.991 tiveron un carácter leve (10.118 en xornada e 873 “*in itinere*”), 202 graves (185 en xornada e 17 “*in itinere*”) e 18 persoas faleceron (16 en xornada e 2 “*in itinere*”).



Analizando os datos, a realidade é que servizos se leva a peor parte, o 48,38 % da sinistralidade. E, concretamente, á cabeza está o comercio (con 1.389 sinistros), seguido de actividades administrativas e auxiliares (904), transporte (799), sanidade e servizos sociais (604), hostalería (411), administracións públicas e defensa (401), educación (112), outros servizos (100), actividades científicas e técnicas (97), actividades artísticas, recreativas e entretemento (91), información e comunicación (39), servizos no fogar (33), actividades inmobiliarias (7) e actividades financeiras e seguros (6).

Detrás disto, deste sector, está a alta temporalidade que rexistra na contratación, o que provoca que moitas persoas traballadoras non reciban a formación necesaria en materia preventiva e que moitas empresas tampouco vixíen a saúde da súa forza de traballo.

No caso da industria o número total de sinistros rexistrados foron 2.636; 1.643 na construción; 890 na agricultura, pesca, silvicultura e gandería; e 157 noutras empresas de subministros como enerxéticos ou auga e saneamentos.

Resulta evidente que aqueles traballadores e traballadoras que estiveron ó fronte nesta pandemia, que non cesaron a súa actividade, son os máis prexudicados pola sinistralidade laboral, xa o foron no ano 2020 e seguen a selo nos seis primeiros meses deste ano.

En canto ós índices de incidencia, é dicir, a relación que mide os accidentes mortais co número de afiliados á Seguridade Social, en Galicia, entre xaneiro e xuño de 2021 este foi de 0,271 puntos, por enriba da media estatal, do 0,251.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa repostas escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o sector servizos sexa o que máis accidentes rexistra?
2. Ante esta situación tomará o Goberno galego algunha medida sobre a alta taxa de temporalidade que rexistra o sector servizos?
3. Pensa o Goberno galego abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/11/2021 16:22:46

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2021 16:22:56

Marina Ortega Otero na data 22/11/2021 16:23:04



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Hai uns meses que o Partido Popular aprobaba en solitario o novo Plan forestal, un documento co que fomos moi críticos, un plan que se facía sen diagnóstico e sen este diagnóstico se elaboraba un suposto modelo do monte que non sabiamos de onde saía e cara onde quería ir, un plan que non estaba debatido co sector e que non pasara por un proceso de participación.

O Goberno galego planificaba un aumento da superficie de eucalipto nun 3 % con respecto á superficie actual para o primeiro quinquenio do plan, para verse reducida nun 5 % no cuarto quinquenio de desenvolvemento do dito plan, cunha superficie de eucalipto actual que non quedaba establecida nin tan sequera estimada no plan aprobado.

Pouco despois de presentar o Plan forestal, o conselleiro do Medio Rural anunciou unha suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto, alí onde non se plantara a dita especie ata o momento da suspensión, esta decisión que contradecía o establecido no plan que acababan de presentar e que non tivo ningunha explicación nin técnica nin económica.

A mensaxe do presidente da Xunta no anuncio da moratoria dicía: “anunciamos a suspensión temporal das plantacións de eucalipto en Galicia, unha decisión pensada, meditada e contrastada co sector, unha decisión que adoptamos con distintas variables e distintas previsións”. Non sabemos a día de hoxe se o que foi consensuado co sector foi o Plan forestal ou a moratoria, xa que ambas decisións contraditorias entre si dixeron dende o Goberno que foran consensuadas. O anuncio do presidente, foi claro e nítido, díxolle aos propietarios forestais que aqueles que tiveran plantado eucalipto ían poder seguir plantando eucalipto e o que non o tivera quedábase sen alternativa.

Dende este anuncio de sálvese quen poida transmitido polo propio presidente da Xunta sen data de inicio tivo a reacción lóxica, todo un éxito o efecto chamada, só había que saír a darse unha volta polo monte, visitar un viveiro ou falar cun madeireiro, para saber que o anuncio en diferido fixo que nun mes estivesen esgotadas as existencias de eucalipto nos viveiros e que os madeireiros fosen



incapaces de cortar todo o piñeiro que lles ofertaban os propietarios coa única condición de cortalo no menor prazo posible e, consecuentemente, cunha importante depreciación.

As empresas de reforestación estiveron desbordadas, traballaron día e noite e non foron capaces de atender a demanda de solicitudes dos propietarios para plantar, ademais de ter problemas para conseguir planta nos viveiros galegos, tiveron que acudir, ir e traelos doutras rexións sen as garantías axeitadas.

Segundo se desprende dos medios de comunicación a Xunta debeu recibir, recentemente, moitas denuncias por presuntas infraccións cometidas en materia forestal que teñen que ver coa plantación indiscriminada ou irregular de especies non legais no territorio, curtas ou cambios de cultivo en parcelas que infrinxiron a normativa forestal algo que denuncia a propia organización ecoloxista Adegas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son os datos que constan no Goberno galego de cortas, plantacións e denuncias recibidas por infraccións na normativa forestal recibidas nos anos 2019, 2020 e 2021 especificadas por concellos?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/11/2021 16:16:05

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/11/2021 16:16:20



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Consello da Xunta de Galicia do 18 de novembro de 2021 autorizou a sinatura dun convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Begonte para consolidar o proxecto de escola musical mancomunada que impulsa a asociación Músico Crisanto.

Segundo a información trasladada, o proxecto permitirá acondicionar as antigas instalacións do CEIP de Baamonde como escola de música e conservatorio nun proxecto por importe de algo máis dun millón de euros, xa que o orzamento será financiado a partes iguais pola Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Cultura, achegando cada unha un importe de 349.312,89€.

Ademais das múltiples xustificacións que amparan esta decisión, como que Begonte se atopa no Camiño de Santiago ou que existe o obxectivo de consolidar unha escola de música que xestionará a asociación Músico Crisanto, e que veñen a compoñer un marco certamente ecléctico, seguimos a considerar que se trata de dar cobertura a unha decisión que consideramos desafortunada.

O certo é que en Galicia hai 7 conservatorios profesionais de música que dependen directamente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e que están nas sete principais cidades (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e outros 27 que dependen da Administración municipal situados nos concellos de Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Carballo, Culleredo, Melide, Noia, Ribeira, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro, Celanova, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ribadavia, Verín, Xinzo de Limia, A Estrada, A Guarda, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Pontearreas, Redondela, Tui e Vilagarcía de Arousa.

Estes conservatorios que dependen dos concellos supoñen unha carga moi importante nos orzamentos municipais e suplen a deficiente atención que a Administración autonómica presta á formación musical do alumnado, situación á que parece querer poñer remedio no caso do concello de Begonte a Xunta de Galicia, discriminando de forma evidente ao resto dos concellos que xa teñen conservatorios profesionais de música dependentes deles.

Cómpre lembrar que a X Asemblea Xeral da Fegamp celebrada en Santiago de Compostela o día 29 de novembro de 2019 adoptou como resolución trixésima “Instar a Xunta de Galicia para que asuma os servizos da súa competencia actualmente prestados



polas entidades locais como poden ser as Unidades Municipais de asistencia á drogodependencia (UMAD) e os conservatorios profesionais de ensinanza media.”

O certo é que a decisión tomada pon de manifesto a posibilidade de acometer fondas transformacións nas políticas educativas relativas aos conservatorios profesionais de música que dependen dos concellos, xa que o contrario situaría a decisión nun ámbito de arbitrariedade dificilmente asumible na xestión pública dos recursos económicos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten intención a Xunta de Galicia a iniciar, de xeito inmediato, negociacións coa Fegamp para dar cumprimento á resolución adoptada na X Asemblea Xeral para que asuma os servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais relativos aos conservatorios profesionais de música?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2021 17:16:24

Noa Susana Díaz Varela na data 22/11/2021 17:16:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de incremento do persoal na administración de xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do programa 131A da administración de xustiza na Galiza pon de manifesto a existencia dun déficit estrutural do persoal ao servizo da administración de xustiza, así como un abuso evidente da temporalidade, realizando contratacións de duración determinada para postos de traballo que son estruturais e que constitúen necesidades permanentes para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Así o máximo ente fiscalizador económico financeiro de Galiza, co remisión a data 18 de febreiro de 2021, (cuxos datos aínda non constan no portal de transparencia da Xunta de Galiza) indicaba que nos xulgados galegos existían 43 prazas vacantes que nin estaban cubertas nin existía vontade de que o fosen. Un 23,7% das prazas vacantes cubertas por persoal interino estaban ocupadas por traballadoras que levaban máis de 3 anos ininterrompidos no posto de traballo, o que, alén da ilegalidade que implica, evidencia a negligencia da Xunta de Galiza na cobertura definitiva dun posto de traballo permanente, promovendo a precarización e transitoriedade na cobertura de prazas estruturais, incorrendo nun flagrante fraude de lei por abuso na temporalidade. A meirande parte do resto do centenar das prazas sen titular son ocupadas por traballadoras que levan no posto máis de 6 meses continuados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente significativo é a existencia de máis de 80 traballadoras que realizan funcións de reforzo para distintos órganos e servizos xudiciais, podendo colexirse que máis unha vez se está a perpetrar un fraude de lei por abuso da temporalidade cubrindo necesidades permanentes e estruturais con contratos temporais. Comportamento proscrito dende finais do século pasado pola Directiva Comunitaria 1999/70/CE, como reiteradamente veñen lembrar os distintos órganos xurisdicionais europeos, estatais ou galegos.

O anteriormente exposto simplemente é consecuencia da escasa relevancia que a Xunta de Galiza e o Partido Popular confírelle á administración de xustiza, instrumento imprescindible para a protección dos dereitos das persoas. Así, durante os anos 2010 ate 2016 non se ampliou a planta xudicial galega, é dicir, non se creou ningún xulgado novo. Galiza é a segunda comunidade non uniprovincial que menos inviste en persoal para administración de xustiza, sendo a segunda comunidade con competencias transferidas na que menos medrou o investimento en persoal durante a última década.

E por iso que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cantos postos de traballo de reforzo e en que órganos xurisdicionais levan aplicados en cada un dos anos da última década?

Entende procedente o incremento do cadro de persoal actualmente vixente e, no seu caso, en cantos postos de traballo?

Comunicou á Administración do Estado a necesidade de incrementar o cadro de persoal da administración de xustiza en Galiza?

Por que razón non se cobren a totalidade das prazas vacantes?

Cal é o tempo que tarda a Xunta de Galiza en substituír ás traballadoras de baixa por enfermidade, diferentes permisos ...?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela a 22 de novembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2021 18:19:20

Iria Carreira Pazos na data 22/11/2021 18:19:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/11/2021 18:19:38



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A principios de ano celebrouse unha reunión das 10 comunidades e cidades autónomas con competencia na xestión da Rede Natura 2000 Mariña, co secretario de Estado de Medio Ambiente, dentro do proxecto LIFE INTEMARES.

Nesa reunión, o Goberno de España reafirmou o seu compromiso de acadar o 30 % das áreas mariñas protexidas para 2030, polo que é imprescindible para iso a coordinación interadministrativa e a implicación nas actuacións conxuntas de conservación mariña. Reto de acadar o 30 % en 2030 de Áreas Mariñas Protexidas, tal e como marca a Estratexia de Biodiversidade 2030 da Unión Europea e a Declaración de Emerxencia Climática do Goberno de España.

O medio mariño é o máis exposto a danos medioambientais irreversibles. Agora chegan menos sustratos ao mar, pero máis fertilizantes. O maior problema do noso litoral é a eutrofización, como principal ameaza para o ecosistema na zona costeira, non sendo a pesca a culpable da situación na que se atopan os recursos.

Por iso, son necesarias medidas, como está a reclamar o sector, para garantir o bo estado das augas e así protexer os recursos pesqueiros e o ecosistema.

É preciso minimizar as afeccións das diferentes actividades humanas sobre os caladoiros e zonas de pesca, con especial atención ás pesquerías tradicionais. Tamén é necesario, como reclama o sector, ampliar e reforzar a Rede de Reservas Mariñas en Galicia, que non foron máis aló das Illas Atlánticas e as de Interés Pesqueiro nunha zona pequena da Costa de Morte (creada no ano 2007 nos Miñarzos, Lira) e a da ría de Cedeira en 2009. É necesario reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro como motor de conservación e rexeneración do recurso pesqueiro e apoio á pesca artesanal, ao tempo que se acadaría o rendemento máximo sostible sobre as poboacións de especies comerciais e reducir a afección das actividades pesqueiras sobre a biodiversidade.



Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Considera necesario a Xunta de Galicia reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/11/2021 19:08:20

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2021 19:08:36



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Hai máis de 11 anos e medio, o 8 de abril de 2010, aprobábase nesta Cámara, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, na que xa se lle reclamaba ao Goberno da Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá.

O ano 2010 era Ano Santo, e que a iniciativa fose presentada polo PP, o partido no goberno autonómico, circunstancias estas que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións, e a decisión da Deputación de Lugo levou a Pleno unha proposta, en data 26 de xullo de 2011, na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Proposta esta aprobada tamén por unanimidade.

O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesares da aprobación por unanimidade daquela iniciativa parlamentaria do PP do ano 2010. A pesares do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así como pola Asociación de Amigos do Camiño na Provincia de Lugo. E tamén a pesares das reclamacións efectuadas polos alcaldes e alcaldesas da Mariña o longo destes 10 anos.

Impulsar o Camiño do Mar é fundamental para promover a actividade turística que xoga un papel determinante na dinamización económica. E hoxe é máis urxente que nunca, na comarca da Mariña lucense, que precisa dunha aposta decidida de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito moi especial, dun turismo moi golpeado polas limitacións impostas polas necesidades sanitarias.

Ao longo dos anos a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na *web* oficial do Xacobeo.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dous camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira consérvanse case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención aos viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro, ou Santiago de Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña.



En data 21 de abril de 2021 apróbase por unanimidade nesta Cámara unha proposición non de lei en comisión do PsdeG, transaccionada co Grupo Parlamentario Popular cuxa parte resolutiva di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recoñecer o carácter oficial da ruta xacobeá coñecida como Camiño do Mar, que discorre polas vilas lucenses de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo e prosegue pola provincia da Coruña, vía Mañón, Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón ata Neda, e o inclúa en todas as accións de promoción turística, divulgación e reactivación económica ligadas á celebración do Ano Xacobeo 2021-2022”.

A mediados de xuño deste ano obtíñase o recoñecemento da Igrexa ao Camiño do Mar. Polo tanto, dábase un paso máis para que a Xunta axilizase os trámites para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá. É preciso que a Xunta oficialice de maneira administrativa esta ruta.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales foron os pasos dados pola Xunta de Galicia, dende o último acordo do Parlamento de Galicia de data 21 de abril de 2021, para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2021 11:02:09

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/11/2021 11:02:23

Martín Seco García na data 23/11/2021 11:02:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón conta cun gran Patrimonio histórico e natural, con gran potencial turístico ao enclavarse ademais na Ribeira Sacra. Conta con numerosos Bens de Interese Cultural (BIC) o que serviu para promover á Ribeira Sacra como patrimonio mundial da humanidade, aínda que fracasara o intento.

Entre estes bens atópase o Castelo de Maside tamén chamado Castelo de ferreira é un destes BIC tal e como se recolle no Decreto de 22 de Abril de 1994 e que figura na actualidade no rexistro de BIC de Galiza.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galiza 8/1995 do 30 de Outubro, no seu artigo 26.3 recolle o seguinte: "Os propietarios, posuidores e demais titulares de bens declarados de interese cultural deberán facilitar a visita pública a estes nas condicións que se determinen, que en todo caso será gratuíta durante catro días ao mes, en días e horario prefixado", tamén di o artigo 84 que se refire á investigación, conservación, difusión, di: "A Xunta de Galiza facilitará o financiamento da conservación, acrecentamento e rehabilitación, así como as actividades de estudo e difusión do seu patrimonio cultural ou catalogado", cuestións ambas que non están cumpríndose a día de hoxe e que prexudica claramente o desenvolvemento e dinamización turística neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello da Ribeira Sacra, sen que ningún organismo público ou institución faga por corrixir esta cuestión.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o Goberno da Xunta intervir para que se cumpra a normativa e o Castelo de Maside en Ferreira se poida incorporar á oferta turística de Pantón con visitas ao Castelo, facendo así cumprir a lei?

. Dende o nomeamento BIC do Castelo de Maside no ano 94 tense cumprido algunha vez o réxime de visitas que a lei obriga?

. Que ten feito a Xunta para corrixir este incumprimento da lei toda vez que é a responsable política da área de Patrimonio?

. Por que teñen ignorado un acordo unánime da Corporación de Pantón de hai uns anos xa, sen resolver o expediente e establecer as visitas ?

. Como valoran o feito de que sendo BIC o Castelo de Maside non poida estar incorporado na oferta turística de Pantón?

. Cantos anos demorará a resolución?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Manuel Lourenzo Sobral
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2021 11:49:23

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2021 11:49:26

María del Carmen Aira Díaz na data 23/11/2021 11:49:34



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A deficiencia auditiva inflúe na personalidade do suxeito no seu conxunto e afecta a áreas tan importantes como a comunicación, a linguaxe, a socialización, os procesos cognitivos e a memoria. A deficiencia auditiva repercute negativamente no progreso académico e limita de forma importante aos nenos e nenas e adolescentes en idade escolar.

O alumnado con deficiencia auditiva conserva totalmente as súas potencialidades intelectivas. É capaz e intelixente pero necesita aprender a pensar e dispoñer de ferramentas que poida manexar. Necesita información, experiencia, un sistema simbólico de calidade que lle permita formalizar o seu pensamento e interactuar cos demais e poder utilizar estratexias de pensamento e de acción-execución.

O Sistema Nacional de Indicadores da Educación 2021, publicado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, indica que o 4,4 % do alumnado con necesidades educativas especiais presenta deficiencia auditiva, cifra que pon de manifesto a importancia desta realidade e a necesidade de afrontar, con políticas educativas sólidas, respostas eficaces.

Pese aos discursos triunfalistas e de normalidade que exhibe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cada inicio de curso, o certo é que este está a ser particularmente complexo, toda vez que se constata por toda a comunidade autónoma un retroceso na prestación de servizos públicos educativos: diminución de profesorado, quebra da igualdade de posibilidades de formación en entornos rurais e, tamén, na atención á diversidade.

De pouco serven os datos sobre integración do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios, nos que efectivamente Galicia presenta a porcentaxe máis elevada de todo o Estado (un 93 %), se esa integración no se leva a cabo en condicións axeitadas.

Pese á existencia dun protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva, publicado no seu momento pola Administración educativa galega, e que recolle aspectos relativos tanto á planificación educativa a nivel de centro como á presenza de intérpretes de lingua de signos e mestres especialistas en audición e linguaxe, a resposta que se está a dar a este alumnado dista moito de ser axeitada.



Recentemente, a Asociación de Pais e Nais de Nenos Xordos de Galicia tense manifestado publicamente fronte aos recortes en persoal para a atención a este alumnado, indicando que *“A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas e cando se trata de persoas con discapacidade os apoios e recursos que fagan efectiva a inclusión real para un adecuado desenvolvemento educativo non poden ser recortados para colocar aos menores con discapacidade nunha situación de involución e exclusión educativa con todas as consecuencias cognitivas e emocionais que carrexan a ausencia dos devanditos recursos.”*

Esta declaración ten a súa orixe nos recortes en persoal experimentados este curso, no que comprobamos que existe un retorno ás condicións aínda máis restritivas en canto á prestación do servizo público educativo, convertido, como nos anos posteriores á crise de 2008, nun elemento de aforro e contención do gasto.

Como dato relevante de que as queixas do colectivo teñen unha base real, os orzamentos do ano 2021 da Xunta de Galicia prevén a contratación de 50 intérpretes de lingua de signos para todos os centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e o proxecto de orzamentos para o ano 2022 prevén a contratación de 53.

O anterior trasládase, curso a curso, en tensións entre as familias que demandan unha correcta atención ás necesidades dos seus fillos e fillas e a resposta que dá a Administración educativa, o que evidencia a existencia de necesidades sen atender e, en consecuencia, un amplo espazo de mellora.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que actuacións ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar os mestres especialistas en audición e linguaxe e intérpretes de lingua de signos nos centros públicos coa finalidade de acadar a inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros ordinarios en condicións que permitan o máximo desenvolvemento das súas capacidades, dando resposta ás demandas que se acrediten nos ditames de escolarización nos que se xustifique a necesidade deses recursos?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2021 12:45:00





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2021 12:49:20
Nº Rexistro: 25295
Data envío: 23/11/2021 12:49:20.384

Noa Susana Díaz Varela na data 23/11/2021 12:45:13

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as previsións da Xunta respecto da creación dunha nova residencia de maiores e centro de día públicos no Rebullón de Mos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O antigo equipamento sanitario do Rebullón, obra do arquitecto Manuel Gómez Román, é na actualidade propiedade da Xunta de Galiza dende que no ano 1986 pasou a integrarse no SERGAS. Tras múltiples usos, nas últimas décadas este hospital serviu como centro psiquiátrico de referencia na provincia. Mais logo do traslado do servizo ao centro Nicolás Peña no ano 2016, este edificio deixou de prestar este servizo e botou o peche sen que se lle buscara un uso alternativo. Neste momento os 19.000 metros cadrados deste edificio están infrautilizados como almacén do antigo material de usos anteriores. A maiores deste uso como almacén, COGAMI conta alí cunhas dependencias para a atención á discapacidade, despois dunha cesión de locais por parte do SERGAS, que suman 1.400 metros cadrados e tamén o 061 fai uso dalgunhas dependencias. Con todo existe unha infrautilización deste equipamento público que se evidencia nas diferentes declaracións sobre a posibilidade de reutilizar este equipamento nunha residencia de maiores.

No ano 2019 a alcaldesa de Mos xunto coa conselleira de Política Social da Xunta de Galiza, anunciaban ante os medios o impulso da transformación do Rebullón





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nunha residencia de maiores e un centro de día. A visita conxunta da alcaldesa e a conselleira ás instalacións do Rebullón enmarcábase na dinámica de campaña electoral. Mais unha vez pasado o período electoral o anuncio quedou en nada. Dende entón non se teñen noticias de que se iniciase ningunha acción para a reutilización do edificio e a creación destes servizos.

Existen datos obxectivos que evidencian a necesidade de creación de máis equipamentos públicos para a atención á vellez. En primeiro lugar, en Galiza unha cuarta parte da poboación supera os 65 anos e as previsións indican que este valor se incrementará nos próximos anos. Destes, estímase que unha parte importante da súa vellez se vexa afectada por algunha discapacidade ou dependencia. Por tanto parece evidente que é necesario un maior esforza que permita encarar as necesidades de futuro. En segundo lugar, o número de prazas actuais parte dun déficit acumulado que nos sitúa por debaixo das recomendacións da Organización Mundial da Saúde de 5 prazas cada 100 maiores de 65 anos, cunha oferta que só chega para cubrir ao 3% dos maiores. Por último, en Galiza existe neste momento un déficit importante de prazas en centros públicos que nos sitúa á cola do Estado, xa que só 4 de cada 10 prazas ofértanse en centros públicos. Fica claro, por tanto, a necesidade dun incremento substancial da oferta de prazas públicas para atender ao dereito a que todas as persoas poidan contar cos coidados para unha vellez digna, hoxe e mañá.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza até o momento para a reutilización do Rebullón como residencia de maiores e centro de día?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Ten intención a Xunta de Galiza de desenvolver a residencia de maiores e centro de día no Rebullón?
- . Cales son os motivos da paralización deste proxecto durante anos?
- . Considera a Xunta de Galiza investir para transformar o Rebullón nunha residencia de maiores e centro de día de carácter público?
- . Considera a Xunta de Galiza que o Rebullón debe pasar a ser unha residencia de maiores e centro de día aliñada co novo modelo sociosanitario?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Carme González Iglesias
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2021 13:28:55

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2021 13:28:59





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 23/11/2021 13:29:06



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

Catro de cada dez adolescentes reconece que recibe mensaxes de contido erótico ou sexual a través de redes, chats, internet ou videoxogos, mentres que polo menos un de cada dez reconece que lle teñen chegado proposicións sexuais por parte dunha persoa adulta. O uso masivo das novas tecnoloxías deriva así mesmo en episodios de ciberacoso segundo o informe realizado por Unicef España que representa ata o momento o maior estudo sobre esta temática ata a data no noso.

O responsable do estudo, o profesor de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio Rial Boubeta, advirte que estamos ante un dos grandes desafíos como sociedade da década, ou do século, porque para as nosas e nosos mozos usar a tecnoloxía é vivir.

Case o 60 % de adolescentes levan o móbil a clase todos os días e oito de cada dez están rexistrados en tres redes, pero a súa vez seis de cada dez teñen varios perfís na mesma rede social, un deles ‘branco’ para que vexan aos seus pais. Entre as conclusións máis salientables deste informe atopamos as seguintes:

- Sexting taxas realmente preocupantes: o 8% manifesta enviar fotos ou vídeos persoais de carácter erótico ou sexual (sexting activo) e máis do triplo (o 26,8 %) manifesta recibilos (sexting pasivo).
- Grooming: o 57,2 % aceptou algunha vez a un descoñecido nunha rede social e o 21,5 % chegou a quedar en persoa con xente que coñeceu exclusivamente a través de Internet. Un de cada dez adolescentes recibiu unha proposición sexual por parte dunha persoa adulta na internet. Un de cada 3 (35,4 %) accedeu a webs de contido pornográfico.

A Dark Web posúe un alto grao de popularidade entre os adolescentes: o 44,4 % di saber o que é e o 4,7 % afirma mesmo acceder a esta nalgunha ocasión, maioritariamente mozos.



Cífrase nun 33 % a porcentaxe de adolescentes que estarían a desenvolver un uso problemático da internet e as redes sociais. Esta porcentaxe é maior entre as mozas e incrementábase de xeito significativo en 3.º e 4.º de ESO.

Os niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida son sempre inferiores entre as e os adolescentes que presentan un uso problemático da internet. A taxa de depresión é máis do triplo. Os niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida, son inferiores entre quen presenta unha posible adicción aos videoxogos. A taxa de depresión grave é case o triplo.

Á vista dos resultados do informe, a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso debe ser unha prioridade, debido a que se detectaron taxas de vitimización sensiblemente máis altas que as que ofrecen as estatísticas oficiais. É necesario tamén tomar medidas para reducir as preocupantes cifras de sexting, contacto con descoñecidos ou posibles casos de grooming, así como abordar o uso problemático das redes sociais e posibles adicións a videoxogos.

Gobernos, familias, institucións, mestras e mestres, empresas e a sociedade en xeral temos diante de nós a responsabilidade de fomentar unha boa hixiene dixital.

Actualmente un gran número de soportes tecnolóxicos convertéronse en imprescindibles para os e as adolescentes, pero se hai unha ferramenta que destaca sobre as demais, esa é Internet, xa que tanto desde un soporte informático como desde a telefonía móbil ten unha presenza cada vez máis alta en todos os ámbitos da nosa sociedade.

Internet posúe unha infinidade de posibilidades pero do mesmo xeito unha serie de riscos, xa que aínda que é certo que pode ser unha gran ferramenta de comunicación e información, tamén é certo que constitúe un espazo no que un uso inadecuado pode dar pé a manifestacións de violencia.

Requírese por tanto unha maior formación e información tanto desde os centros educativos como desde os pais e nais, non nas cuestións puramente tecnolóxicas, senón naqueles espazos educativos que poidan garantir unha boa interacción entre os/ as usuarios/ as e Internet. Como dicíamos as posibilidades que ofrece a rede son moitas e é necesario adquirir aprendizaxes que garantan un desenvolvemento ético-moral que permita utilizalas de forma adecuada.



A violencia existiu desde sempre pero as manifestacións e canles para levala a cabo cambiaron e evolucionaron co tempo. Actualmente coa existencia das TIC apareceron novas formas de violencia como, Grooming; acoso sexual a menores través da rede, Sexting, envío de imaxes (fotografías ou vídeos) con contido sexual por medio do móbil, a pornografía infantil, delitos informáticos, fraudes, seitas, cyberbullying (acoso entre iguais na rede).

Neste contexto, en Galicia a nivel educativo contamos cun protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso ou a Guía sobre identidade dixital de 2017 elaborada por persoas expertas no marco da Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020. Tendo en conta que o uso das novas tecnoloxías aumentou de xeito exponencial en tempo e por idade de iniciación, e polo tanto estes riscos que reflicta o informe de Unicef, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos arredor do uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade que reflicte este estudo?
2. Que ferramentas contempla o Goberno galego para facer fronte a este tipo de violencia dixital que afecta a tantas mozas e mozos?
3. Pensa que a Guía de Identidade Dixital abonda para facer fronte a estes problemas?
4. Pensa actualizar os protocolos no ámbito educativo para atallar os problemas xerados do mal uso, ou o aumento dos novos delitos a través das novas tecnoloxías que afectan á mocidade?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro do 2021

Asdo.: Noelia Otero Lago

Luís Manuel Álvarez Martínez

Noa Díaz Varela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/11/2021 13:29:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2021 13:29:16

Noa Susana Díaz Varela na data 23/11/2021 13:29:25



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A extracción de mexilla, necesaria para a cría de mexillón nas bateas galegas, segue a ser un foco de conflito no sector do mar, no que nos últimos tempos vivíronse situacións de tensión entre colectivos de bateiros e percebeiros. Uns precisan a mexilla para a cría e asumen que, coma vén sendo habitual durante tempo, teñen certos espazos de tempo para recollela das rochas. Por outro lado enténdese que esa práctica dificulta a cría do percebe que crece ao na rocha ao carón da mexilla en varios puntos do litoral.

Esta situación vén provocando tensións entre ambos sectores, que pretenden defender a súa posición pero atopan que a Consellería do Mar e, en xeral, todo o Goberno galego, pretende manexar este escenario facendo unha política de quedar ben con todo o mundo máis enviando mensaxes confusos e contraditorios. A lexislación actual está sendo incumprida, pois non está sendo defendido o dereito de extracción, e tampouco o sector percebeiro considera atendidas as súas peticións.

En campañas anteriores e recentes de extracción existiron situacións puntuais de agresividade e enfrontamentos persoais de individuos e colectivos que, a pé do terreo, tiveron escenas de certa violencia e con risco de que o conflito aumente. Este risco amósase nas preocupacións que dende o propio sector do mar transmítese da posibilidade real de que a gravidade aumente e poida crecer a espiral do enfrontamento.

Para evitar iso a Consellería do Mar debe tomar o mando da situación e clarificar a súa postura. A realidade actual está perfectamente delimitada de maneira lexislativa, máis no se está a cumprir. Por tanto, o Goberno de Galicia debe esclarecer se pretende modificar a lexislación e en que sentido aínda que, de ser o caso, debe manter e garantir o cumprimento da actual posición normativa igualmente ata que se modifícase. De non querer modificala non pode permitir que se continúe este conflito crecente, e debe servir de mediadora evitando impoñer medidas non consensuadas co conxunto dos sectores.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que estase a cumprir a normativa vixente sobre a extracción da mexilla en Galicia?
2. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a situación de conflictividade permanente nos últimos tempos entre sectores bateeiro e percebeiro sobre a extracción da mexilla en Galicia?
3. Ten previsión o goberno da Xunta de Galicia de modificar a normativa existente sobre extracción de mexilla en Galicia?
4. Considera o goberno da Xunta de Galicia que ten feito o suficiente para mediar e resolver o conflito crecente entre bateeiros e percebeiros respecto da extracción da mexilla en Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2021 13:32:01

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2021 13:32:07



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Onte, día 22 de novembro de 2021, Galicia vivía un día histórico coa viaxe en probas do AVE a Galicia, que conecta Ourense con Madrid. A partir do día de hoxe os billetes para esta viaxe poranse á venda e a partir do día 21 de decembro comezarán a circular os trens comerciais, confirmándose, por tanto, o compromiso do Goberno central de que a posta en servizo do tren de alta velocidade a Galicia chegaría a finais deste ano.

Pero a pesar dos compromisos do Goberno central comunicados ao Goberno galego en relación coa data de chegada do AVE a Galicia, foron numerosas as declaracións do Goberno galego cuestionando e negando publicamente que estas obras estarían rematadas en 2021.

A Xunta de Galicia dicía a finais de 2020 que tiña serias dúbidas de que o AVE chegara a Galicia en 2021. O presidente da Xunta chegou a afirmar que o tren de alta velocidade non estaría listo no ano 2021, e para iso aludía a informes que manexaba o seu goberno. Pero é que o señor Feijóo foi máis aló nas súas declaracións e chegou a afirmar “É bo non enganar a ninguén. Non imos ter tren de alta velocidade ni en 2020 ni en 2021, pasará o ano Santo e Galicia non terá tren de alta velocidade que a conecte con Madrid”.

A verdade é, que a postura negacionista do Goberno galego en relación cos avances en materia de infraestruturas que chegan dende o Goberno central, non se cingue só á chegada do AVE a Galicia senón que tamén aconteceu o mesmo no relativo á chegada das bonificacións históricas nas peaxes da AP9, nos que o Goberno galego chegou a afirmar, (enganando á cidadanía, como os feitos así o confirmaron,) que a Xunta tiña que se enterar polos medios de comunicación que en xullo no habería descontos na AP9, e que a ver se chegaban en agosto.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Por que a Xunta de Galicia mantén unha posición negacionista no relativo á chegada de avances e melloras nas nosa infraestruturas por parte do Goberno



central, nomeadamente coa chegada do AVE a Galicia e coas bonificacións das peaxes na AP9?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2021 13:12:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2021 13:12:39





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de incrementar os grupos e o profesorado no IES Santo Tomé de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política de recortes da Xunta de Galiza é especialmente palpable no ámbito educativo, en que a falta de investimento no sistema público está a supor unha merma na calidade educativa. Un bo exemplo é a situación que se está a vivir nos centros educativos na área de Vigo, en que xa son habituais as queixas e as reclamacións da comunidade educativa que reclaman con urxencia un maior investimento.

Nesta liña, o IES do Santo Tomé vén de sufrir o recorte dun dos grupos do primeiro curso da ESO, pasando de ter cinco grupos o ano anterior, cando había matriculados 119 alumnos, a catro grupos para este curso, cando o número de alumnos se incrementou até os 131. Esta redución do número de grupos cando o alumnado aumenta supón que na actualidade as aulas contén con 33 estudantes por aula, cando o límite legal está situado en 30 alumnos. Sobra sinalar que isto ten unhas consecuencias negativas sobre a calidade do ensino, supón un exceso de carga laboral no profesorado, ademais de supor unha masificación das aulas cando aínda estamos enfrontando os riscos dunha pandemia global.



A Asociación de Nais e Pais do centro alertan, así mesmo, da intención por parte da Consellería de soste este recorte no número de grupos para os seguintes cursos, prolongando e enquistando deste xeito o problema. A pesar de que este malestar xa foi trasladado á inspección educativa, a Consellería Educativa non ten tomado ningunha medida. Por iso, a ANPA do centro, xunto co respaldo da Federación Olívica de Nais e Pais de Vigo, vén de iniciar distintas mobilizacións reclamando que a Xunta rectifique a decisión, cumpra coa lexislación e recupere o grupo eliminado e incorpore o profesorado necesario.

Outro dos problemas que se rexistra por parte da comunidade educativa é un número insuficiente de orientadores, xa que na actualidade só hai unha praza para prestar servizo a un centro con 817 alumnos e alumnas. Na práctica isto está a supor unha excesiva carga de traballo e unha atención precaria, lonxe da calidade que entendemos que pode e debe prestar o ensino público.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora a Xunta de Galiza de que se están incumprindo os límites legais establecidos ao superar os 30 alumnos por aula no IES Santo Tomé?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza ante a saturación das aulas no IES Santo Tomé e a súa afectación na calidade educativa?

. É coñecedora a Xunta de Galiza das queixas trasladadas pola comunidade educativa?

. Trasladou a Xunta de Galiza algunha resposta ante as queixas recibidas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas vai tomar ante esta situación?

. A Xunta de Galiza ten intención de rectificar a decisión de recortar un dos grupos do IES de Santo Tomé e aumentar o número de profesorado?

. Vai a Xunta de Galiza a dotar ao IES Santo Tomé cunha praza máis de orientación?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2021 16:16:36

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2021 16:16:40

Alexandra Fernández Gómez na data 23/11/2021 16:16:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a adopción de medidas sociais de compensación para as persoas do sector galego da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción é un dos sectores de actividade máis relevantes da economía galega, tanto por volume de negocio como por volume de emprego.

Un sector afectado nun primeiro momento polos efectos da pandemia propiamente, derivados da redución da mobilidade e do peche dos establecementos de venda de vehículos, moi afectado tamén por aqueles outros cambios que a pandemia acelerou, como a transición enerxética, e que ademais está véndose tamén moi afectado pola problemática sobrevinda da crise de abastecemento de diferentes compoñentes, algúns deles críticos.

Estas problemáticas están tendo en todos os casos efectos sobre o emprego, que unhas veces se concretan a través de ERTes, outras a través da modificación da xornada de traballo facendo un uso desmedido e fraudulento da parcialidade na contratación, e outras veces a través de duros axustes de emprego do persoal eventual, coma sempre o máis vulnerábel.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todos os casos estas medidas son agresivas pois afectan a cuestións esenciais do contrato de traballo e da vida do persoal, como son as retribucións e o tempo de traballo, ou, directamente, a perda do posto de traballo. E tamén son conflitivas, todas elas, mesmo aquelas que se executan contando co acordo do persoal afectado que se atopa moitas veces entre a espada e a parede (“lo tomas o lo deixas”), ou da súa representación. Entre outras razóns, por causa da reforma laboral aprobada no seu día polo Partido Popular e que o actual goberno mantén en vigor.

Desde o BNG vimos demandando unha outra política industrial por parte da Xunta de Galiza, que planifique e fixe obxectivos a longo prazo, para consolidar a actividade industrial e o emprego, e vimos realizando propostas concretas, coherentes con eses obxectivos a longo prazo, e coherentes cos novos modelos produtivos e de mobilidade.

Mais, polo de agora, e falta de que se tomen en consideración as nosas propostas ou outras que podan conseguir idénticos obxectivos de consolidación da actividade e do emprego, compre tomar medidas tamén no ámbito do emprego, medidas de carácter social para compensar os prexuízos que o persoal do sector ven sufrindo desde o inicio da pandemia, e que polas noticias que temos vanse prorrogar durante o próximo ano.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten constancia a Xunta de Galiza do número de persoas do sector galego da automoción afectadas por ERTes desde o comezo da pandemia? E do número de días que estiveron afectadas? E do detrimento retributivo que isto significou? Cantas persoas destas persoas foron beneficiarias de algún tipo de axuda da Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da evolución do número de persoas empregadas no sector desde o comezo da pandemia? Coñece a Xunta de Galiza o tipo de contratos realizados?

. Que volume de contratos eventuais existe ou se realizou no sector desde o comezo da pandemia? Cal é porcentaxe de contratos parciais que existe no sector? Que valoración fai a Xunta de Galiza como autoridade laboral sobre a legalidade de esta tipoloxía de contratos e do seu volume relativo sobre o total no sector?

. Que opina a Xunta de Galiza do feito de que moitas persoas con contrato a tempo parcial realicen en realidade xornadas de traballo a tempo completo?

. Que opina a Xunta de Galiza sobre o incumprimento por parte de certas empresas do sector de sentenzas xudiciais sobre os días de preaviso para executar os ERTes?

. Como valora a Xunta de Galiza a xornada anual de traballo no sector galego da automoción en comparación coa que realizan en países da nosa contorna como Italia, Franza ou Alemaña?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre as causas alegadas polas empresas do sector para xustificar os ERTes? Como valora a Xunta de Galiza que as veces estas negociacións coincidan co anuncio de deslocalizacións de parte da produción?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2021 18:04:54

Daniel Pérez López na data 23/11/2021 18:04:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2021 18:05:06



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A construción no Xufre, en A Illa de Arousa, dunha nave para usos privados en terreos do porto está sendo obxecto de clara discusión e contrariedade para veciños/as, asociacións cidadáns, confraría, bateeiros e o Concello de A Illa.

Esta construción, prevista en 12 metros de altura, está sendo construída en terreos de Portos de Galicia e ten como obxectivo aparente a facilitación dun almacén de naves de recreo para unha empresa privada. A Illa de Arousa é un lugar de especial relevancia tanto na repercusión do sector marítimo como na ordenación urbanística, onde a singularidade que constitúe unha ubicación como A Illa debe ser tida en conta. As limitacións de espazo fan necesario optimizar os terreos dispoñibles para usos o máis produtivos posibles, e mentres o Porto do Xufre ten algunhas demandas como a instalación dunha estación de carga eléctrica para barcos, ou posibles almacéns para uso da confraría ou especificamente dos bateeiros, a realidade é que estase utilizando ese espazo para unha construción que está por ver o beneficio ao interese xeral que pode xerar.

A pesares da posición contraria que manteñen Concello, confraría e bateeiros, o goberno da Xunta de Galicia segue sen atender ás necesidades que están formulando dende o sector evitando explicacións e limitándose a deixar pasar a oportunidade de tomar posición conxunta con estes axentes implicados para potenciar o propio Porto do Xufre.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que a nave para usos privados que está a ser construída no Porto do Xufre en A Illa de Arousa cumpre un criterio de interese xeral e beneficio común para o Porto, Concello e sector marítimo de Arousa?



2. Cre o goberno da Xunta de Galicia que se cumpren os obxectivos de uso dos terreos portuarios coa construción desta nova infraestrutura no Porto do Xufre de A Illa de Arousa?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2021 09:49:07

Patricia Otero Rodríguez na data 24/11/2021 09:49:27



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A saúde mental é un dos graves problemas de saúde que está a padecer a nosa sociedade en xeral. De maneira específica, Galicia amosa feitos diferencias negativos no padecemento de problemas de saúde mental, como así se evidencia a partir de diversos datos chamativos.

A ratio de profesionais existentes en Galicia en función da poboación coloca a esta Comunidade Autónoma na cola de España en todas as categorías (psiquiatría, psicoloxía, enfermería especialista en saúde mental); o consumo de fármacos orientados á saúde mental sitúase en topes históricos e tamén comparativo co resto de comunidades autónomas de España; os datos sobre suicidios ubican a Galicia entre as comunidades autónomas con peores datos de España...a situación é moi preocupante.

Despois de varios intentos durante os últimos anos para tratar de orientar os esforzos do Goberno de Galicia en saúde mental, en marzo de 2021 chegou a un acordo para a votación por unanimidade dunha parte dunha proposición non de lei do Grupo Socialista, que foi rexeitada no resto de propostas polo Grupo Popular, e cuxo texto aprobado foi:

1) Desenvolver de maneira efectiva e real o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

- Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

- Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatria na área sanitaria de Ourense



2) *Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nos vindeiros 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas*

3) *Acordar coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo*

A realidade da saúde mental segue sendo un grave problema en Galicia, e precísase unha aposta decidida para acompañar unha reivindicación cidadá clara que está a conquistar, sobre todo nos últimos tempos, unha visibilidade que aporta na concienciación colectiva das necesidades.

Resulta imprescindible avaliar o cumprimento das medidas aprobadas, tanto polo beneficio que pode levar á cidadanía como polo respecto parlamentario ao traballo desenvolvido. Ademais parece necesario afondar nas medidas estruturais a tomar para ampliar os recursos e os plans asistenciais orientados á saúde mental da cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a situación asistencial orientada á saúde mental en Galicia?
2. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia do nivel de execución do acordo adoptado por unanimidade no Parlamento de Galicia en marzo de 2021?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2021 09:53:21

Marina Ortega Otero na data 24/11/2021 09:53:30



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O concello de Mugaros conta nos seus terreos portuarios co asentamento dende finais dos anos 90 da empresa Regasificadora del Noroeste, SA (Reganosa) que comezou a súa actividade no ano 2007 como empresa dedicada ao transporte e regasificación de gas natural.

A empresa Reganosa deuse de alta no Imposto sobre Actividades Económicas na epígrafe 123.2. Distribución de gas natural, dentro da agrupación 12. Extracción de petróleo e gas natural.

No procedemento de comprobación e investigación feita polo órgano administrativo, este acordou o 23 de setembro de 2010 a inclusión da actividade desenvolvida por Reganosa no grupo IAE 152. Fabricación e distribución de gas, dentro da agrupación 15. Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente.

A empresa Reganosa estivo descontente e presentou reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, sendo desestimada esta reclamación mediante resolución de data 19 de xaneiro de 2012.

Ante esta desestimación, a empresa presentou recurso de alzada ante o Tribunal Económico-Administrativo Central, quen falla anulando a Resolución do Tribunal Rexional mediante resolución do 18 de xuño de 2015 e ordena retrotraer as actuacións para que o Tribunal Rexional se pronuncie sobre as cuestións anteriores.

En cumprimento da dita resolución, o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia emite unha resolución o 21 de xaneiro de 2016, desestimando integramente as pretensións da recorrente e confirmando a inclusión das actividades da empresa no Grupo 152 do IAE, o que implica unha regularización das cotas do imposto.



Ante esta última resolución, a empresa Reganosa presenta recurso de alzada que se examina o 10 de marzo de 2016 e que alega sinteticamente o seguinte:

- Improcedencia da liquidación por existencia de actuación declarativa previa da administración.
- Falla de motivación da resolución en primeira instancia respecto do fondo.
- A epígrafe correcta para a inclusión das actividades da recorrente é a 123.2

E o 4 de xullo de 2019 o Ministerio de Facenda notificou o fallo ditado polo Tribunal Económico Administrativo Central sobre a reclamación sobre o IAE presentada por Reganosa, estimando o recurso presentado.

O 23 de decembro de 2020 a empresa Regasificadora del Noroeste, SA dirixiuse ao concello de Mugar dos alegando que contra as liquidacións do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2020, púxose en coñecemento do concello de Mugar dos que i TEAC, en resolución de 28 de marzo de 2019 concluíu que a epígrafe na que debe clasificarse a actividade desenvolvida por Reganosa é a 123.2. Distribución de gas natural, polo que determina a improcedencia das liquidacións de IAE practicadas polo concello de 2010 a 2019.

O cumprimento deste fallo pode supoñer que o concello de Mugar dos, un concello de 5.215 habitantes, segundo os últimos datos do IGE, e cun orzamento anual que non chega aos sete millóns de euros, hipotecar a totalidade dos seus recursos e impedir o seu total funcionamento.

A propia empresa Reganosa manifesta na súa páxina *web*: “*Juntos somos más fuertes. No concebimos el desarrollo de nuestra actividad sin las colaboraciones que mantenemos con instituciones y empresas. Por la naturaleza de nuestro trabajo cooperamos con autoridades reguladoras, organismos públicos y centros de investigación en la búsqueda de las mejores soluciones para proporcionar a la sociedad la energía que necesita*”, polo que entendemos que a busca de acordos de colaboración que eviten a devolución destes fondos ao concello en aras dos beneficios obtidos pola empresa dende a súa implantación neste territorio.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia da resolución ditada polo Tribunal Económico Administrativo Central o 28 de marzo de 2019 sobre o correcto encaixe da empresa Reganosa no parágrafo adecuado do IAE, no que estima o recurso presentado pola citada mercantil?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha medida para contribuír, no marco das súas competencias, a que se alcance un acordo entre a empresa e o concello, co fin de impedir o impacto económico e social que pode ter o cumprimento desta resolución?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2021 10:28:47

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/11/2021 10:29:02

Pablo Arangüena Fernández na data 24/11/2021 10:29:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as modificacións á Lei de Montes Veciñais en Man Común incluídas na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompaña aos orzamentos de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na coñecida como “Lei de acompañamento aos orzamentos” para 2022 a Xunta de Galiza introduce, máis unha vez pola porta de atrás e suprimindo os trámites e garantías que corresponderían á correcta tramitación de novas leis, importantes modificacións a distintas normas.

Entre esas modificacións adican especial interese a tocar leis que rexen distintos aspectos da ordenación e xestión do territorio no medio rural. Así temos alteracións normativas na recentemente aprobada Lei 11/2021 de Recuperación de Terra Agraria, a Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galiza; a xa clásica modificación da Lei 7/2012 de Montes de Galiza; a lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e, a que agora nos ocupa, a Lei 13/1989 de montes veciñais en man común.

Na mencionada Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común o PP introduce cambios que van en dous sentidos: o primeiro é o de traspasar, alí onde non exista veciñanza, os montes veciñais a titularidades públicas eliminando así





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dun golpe o seu carácter veciñal. O segundo consiste en que por razóns puramente burocráticas un monte veciñal en man común poida ser declarado en estado de grave abandono ou degradado para que, unha vez feita a declaración, o monte veciñal en tal estado poida ser entregado a xestión dunha empresa forestal ou madeireira por un período de 50 anos.

Deste xeito, a través dunha lei, a de Medidas Fiscais e Administrativas, que en absoluto está pensada para tal fin, introdúcense até 6 modificacións de calado nunha norma, a de Montes Veciñais, que precisa ser posta ao día con garantías e o debate social e político necesarios para actualizar unha lei que regula algo tan importante e propio de Galiza como son os montes veciñais en man común e a súa forma específica de propiedade de orixe xermánica.

Resulta a todas luces evidente que hai que establecer alternativas para aqueles montes en man común nos que non haxa veciñanza así como naqueles que sufran un grande deterioro ecolóxico ou unha extracción abusiva dos seus recursos, pero nunca se pode alterar a súa propiedade por razóns burocráticas. Mais todas esas alternativas deben ser debatidas e tramitadas de xeito democrático. É dicir, non a través da lei de acompañamento, senón a través dun proceso de debate no Consello Forestal de Galiza seguido dunha tramitación completa no Parlamento de Galiza.

Neste sentido non sorprende a ninguén o amplo rexeitamento social a esta reforma que, introducida sen debate e pola porta traseira, pretende saquear os montes veciñais en man común dos seus lexítimos propietarios: os veciños e veciñas comuneiros.

Así, desde a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común (ORGAMMVV) pasando por sindicatos como a CIG, sindicatos agrarios como a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

FRUGA e o Sindicato Labrego Galego ou organizacións ambientalistas como Adega e Amigos da Terra e incluso a plataforma Aldeas con Horizonte téñense manifestado no mesmo sentido contra este novo intento de usurpación do monte veciñal no que se ten embarcado a Xunta de Galiza.

De feito, na Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza: Cara a neutralidade carbónica, aprobado en solitario polo Partido Popular, inclúese dentro do Eixo III “de xestión forestal e loita contra o abandono” unha liña 2 referida a iniciativas de activación da xestión forestal privada e dentro deste un programa (III.2.2) de dinamización da xestión en montes veciñais en man común cunha medida específica, a II.2.2. que refire a “Aprobación dunha nova Lei de Montes Veciñais en Man Común” no primeiro quinquenio; é dicir, antes de 2025.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Considera que a propiedade veciñal dos montes en Man Común é unha figura a protexer?
- . As modificacións legislativas introducidas na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas de acompañamento aos orzamentos para 2022 garanten a protección desa forma de propiedade?
- . Como compatibilizan a defensa da propiedade veciñal co traspaso aos concellos en calidade de “titulares provisionais do aproveitamento do monte” no caso de “inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños” ou a empresas privadas por até 50 anos no caso de montes “en estado de grave abandono ou degradación”?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como van garantir en calquera deses dous modelos que non se realicen actos de disposición como alugueiros, cesións, ocupacións ou contratos a terceiros e expropiacións nos montes en man común?

. Existe algunha correlación entre o interese por apropiarse do monte veciñal en man común e a necesidade de poñer a disposición terras para a creación de polígonos agroforestais incluídos na LRTA?

. Cando teñen previsto afrontar a elaboración dunha nova Lei de Montes en Man Común tal e como se auto impuxo o goberno nos eixos da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza.

Santiago de Compostela, , 24 de novembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/11/2021 10:48:54

María del Carmen Aira Díaz na data 24/11/2021 10:48:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 24/11/2021 10:49:07



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Pola Orde do 22 de novembro de 2019 convócase o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 001 do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, para dar cumprimento á disposición transitoria décima do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Esta disposición transitoria establece que para o persoal que teña unha antigüidade posterior ao 30/6/1998 e anterior ao 1/1/2005 na prestación de servizos para a Xunta de Galicia en virtude de sentenza xudicial que recoñeza a súa condición de persoal laboral indefinido, ou fora contratado directamente pola Xunta de Galicia baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, para a realización de programas ou servizos de carácter estrutural, o aquel outro integrado por transferencia será obxecto dun proceso de consolidación de emprego segundo o establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e a disposición adicional décimo quinta deste convenio.

Este proceso selectivo tiña como finalidade cubrir vinte e dúas (22) prazas, na categoría 001 do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, correspondentes á oferta de emprego público do exercicio 2018, a que se acumulan as provenientes da oferta de 2017, mediante o sistema de concurso-oposición.

As probas de oposición consistirán en 3 exercicios:

- 1º. Un cuestionario teórico de 80 preguntas tipo test.
- 2º. Un cuestionario de 40 preguntas tipo test sobre o manexo de paquetes ofimáticos no entorno de LibreOffice 5.4.4 (folla de cálculo, procesador de textos).
- 3º. Dúas probas de coñecemento da lingua galega.



Este ano fixéronse as datas de celebración deste proceso selectivo, ao que se presentaron 70 persoas, superando o primeiro exercicio 33.

Hai aproximadamente 1 mes celebrouse o segundo exame, ao que se presentaron estas 33 persoas non superando ningunha delas esta proba. O acontecido é unha anormalidade, non lembramos na historia precedentes de suspensos do 100 % dos aspirantes.

Dende o Grupo Socialista entendemos que dende o goberno da Xunta de Galicia teñen que valorar que aconteceu neste segundo exercicio que non foi superado por ningún dos aspirantes e deixando polo tanto deserto este proceso de consolidación con terribles consecuencias para estes traballadores que levan anos en situación de abuso.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o goberno da Xunta de Galicia o acontecido no segundo exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 001 del grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia?
2. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia tomar algún tipo de medida para corrixir esta anomalía neste proceso selectivo?
3. Que vai acontecer agora con esas prazas, van quedar desertas?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Carmen Rodríguez Dacosta
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/11/2021 10:20:07

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/11/2021 10:20:15

Pablo Arangüena Fernández na data 24/11/2021 10:20:22



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O turismo de cruceiros na cidade de Vigo tivo o seu récord en 2011, cando 118 cruceiros atracaron na cidade. Desde entón todo empeorou e ningún dos responsables portuarios puido volver remontar as cifras. A competencia que supoñen A Coruña e Oporto (Leixoes), con acordos comerciais para colaborar en detrimento de Vigo, é demoledora.

Os datos non enganar. Este mes de novembro de 2021, A Coruña fixo pública a súa previsión para 2022. Segundo o presidente da Autoridade Portuaria, o próximo ano contarán con 170 escalas, o que suporía un 42 % máis que o récord acadado ata agora de 120 buques en 2017. A cidade herculina esperaba recibir uns 140 barcos o próximo ano, pero tras un Congreso en Madrid organizado por Cruises News Media Group, o número ascendeu a 170 atraques.

A Autoridade Portuaria de Vigo conta a día de hoxe cunha previsión de 70 buques para 2022. É certo que aínda se está a negociar con navieiras e operadores, pero as cifras finais non variarán moito, nin sequera co habitual incremento que se produce por escalas imprevistas. En todo caso, sen contar os dous últimos anos pola pandemia (7 barcos en 2020 e 25 en 2021), a cifra tamén se reduce con respecto ao curso anterior vixente, en 2019, cando houbo 74 cruceiros.

E é que desde aquel 2011 no que Vigo chegou ao seu teito, a cifra non parou de baixar. En 2014, os peiraos da cidade recibiron 81 embarcacións e en 2017 tivo lugar o anunciado "sorpasso" coruñés. Agora hai cinco anos A Coruña alcanzou o seu máximo histórico, cos 120 barcos mencionados, e Vigo quedouse en pouco máis da metade, 61.

O Concello de Vigo e o Porto de Vigo acordaron este mes de novembro crear un Comité Turístico de Cruceiros para ofrecer unha imaxe integradora do Porto e do destino e poder así influír na programación de escalas dos próximos anos.

Esperemos que o Porto de Vigo empece a decatarse da diminución continua deste turismo na cidade e comece a tomar máis medidas para incrementar o número de cruceiros no seu porto.



A Xunta de Galicia, e concretamente a Axencia de Turismo de Galicia, debería tamén tomar medidas para incrementar o turismo de cruceiros na cidade de Vigo e volver polo menos as cifras do 2011.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que xestións están facendo desde a Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no Porto de Vigo?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia poñer en marcha medidas para recuperar o turismo de cruceiros no Porto de Vigo e así mellorar as cifras neste sector turístico na cidade?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/11/2021 10:24:28

Noelia Otero Lago na data 24/11/2021 10:24:34

Martín Seco García na data 24/11/2021 10:24:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a discriminación no acceso á educación que está a sufrir unha alumna con mobilidade reducida por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha alumna do concello de Marín con mobilidade reducida, que a obriga a moverse en cadeira de rodas, está sufrindo por este feito unha discriminación intolerable no seu dereito de acceder en igualdade á educación. Esta rapaza, matriculada no IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra, tivo que enfrontarse en primeiro lugar coas barreiras arquitectónicas deste centro, que lle facían imposible acceder ao andar no que se repartían as aulas. Ante esta discriminación, a resposta por parte da Xunta non foi a de solucionar o problema de accesibilidade que resolvería, para esta rapaza e para futuras persoas usuarias este impedimento, senón que se optou por colocar un parche circunstancial, enviando á rapaza ao IES de Chapela en Redondela.

Esta decisión xerou unha segunda discriminación para esta rapaza, xa que a falta de transporte público accesible entre o seu lugar de residencia e o IES de Chapela, obrígaa a costearse un transporte adaptado a razón de 80€ diarios. Ante





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta situación xerada pola mala decisión da Xunta, dende Inspección de Pontevedra comprometéronse coa rapaza a que a Consellería de Educación asumise os custes de desprazamento ao centro.

Mais unha vez iniciado o curso a realidade é que a rapaza tivo que costearse diariamente o transporte do seu peto, sen que recibise nin un euro por parte da Consellería. O abandono da Xunta é absoluto, ao punto de non dar resposta a diferentes peticións formuladas. Na actualidade a rapaza tivo que prescindir das aulas presenciais por ser incapaz de costearse o desprazamento diario. A discriminación que sofre neste momento é máxima, xa que se ve obrigada a estudar sen contacto presencial co profesorado e compañeiros e compañeiras, ao tempo que segue tendo que pagar do seu peto os desprazamentos puntuais para acudir a exames.

A situación é consecuencia dunha concatenación de pésimas decisións por parte da administración pública que atentan contra unha educación igualitaria e inclusiva.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai a Xunta de Galiza facerse cargo dos gasto de desprazamento desta alumna, toda vez que foi a administración pública a que adoptou a solución do traslado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que se está velando por unha educación equitativa e integrativa cando esta alumna vese imposibilitada de recibir aulas presenciais?
- Vai a Xunta de Galiza solventar os problemas de accesibilidade no IES Martín Sarmiento?
- Que plans ou programas ten en marcha a Xunta para acabar coas barreiras arquitectónicas nos centros educativos?
- Que obxectivo temporal manexa a Xunta para que todos os centros educativos sexan accesibles e libres de barreiras arquitectónicas?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/11/2021 18:13:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 24/11/2021 18:13:16



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Luis Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O concello de Pereiro de Aguiar ten unha poboación de 6.350 habitantes, dos cales 3.259 son homes e 3.091 mulleres, de 0 a 5 anos 219, de 5 a 10 anos 317, de 10 a 15 anos 305 e de 15 a 20 anos 230, sendo un municipio un dos poucos da provincia de Ourense que crece no número de habitantes, case 100 no último ano, sendo uns dos municipios cunha media de idade máis baixa de toda a provincia, con preto de 40 nacementos por ano.

O Grupo Municipal Socialista leva anos apoiando as reivindicacións das nais e pais do colexio público Ben-Cho-Shey, solicitando a través de diversas propostas, distintas medidas a implantar pola Xunta de Galicia no colexio, tales como diversas melloras nas súas instalacións, modificación do horario do colexio, e a creación dun Instituto de Ensino Secundario (IES) o un Centro Público Integrado (CPI), de acordo coas demandas históricas da Anpa.

Actualmente están adscritos os alumnos e alumnas do municipio de Pereiro de Aguiar, de educación secundaria ao CPI José García García de Mende e os de bacharelato ao IES As Lagoas, ambos na cidade de Ourense, obrigando en consecuencia o desprazamentos dos nenos e nenas, en autobús ou en vehículos privados.

Por outra banda, as nais e pais de concellos limítrofes a Pereiro coma Nogueira de Ramuín o Esgos estarían dispostos a acudir o centro escolar público de Pereiro de Aguiar

A través dos medios de comunicación tivemos coñecemento que o grupo de Goberno informou desta situación a Xefatura Territorial de Educación para que se estude que os nenos non teñan que desprazarse fóra do seu concello.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:





1.^a) Pensa o Goberno Galego implantar no concello de Pereiro de Aguiar un Instituto Público de Ensino Secundario (IES) ou un Centro Público Integrado (CPI), incluíndo bacharelato.

2.^a) De ser así, para cando estarían implantados?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Luis Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/11/2021 18:04:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/11/2021 18:04:43

Noa Susana Díaz Varela na data 24/11/2021 18:04:58



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Sergas converteuse, dende hai anos, na referencia de contratación en precario no sistema público en Galicia e, en boa medida, tamén na comparativa co sector privado. O hábito de contratación tende sempre á precariedade, co abuso de temporalidade e a saturación de contratos. Estes casos ocorren coa tendencia a concatenar contratos pequenos para cumprir substitucións e baixas, en troques de fomentar relacións laborais o máis previsibles e estables posibles.

Como veñen denunciando moitos colectivos profesionais, a eventualidade no Sergas sitúase en taxas non aceptables para poder armar un sistema todo o eficiente que pode ser. Así o indicaron tamén varios dos comparecentes na Comisión de Reconstrución desenvolvida no Parlamento de Galicia, na que todos os que desenvolven actividade asistencial apuntaron a volumes de eventualidade por riba do 25 %, e nalgúns categorías preto do 40 % en situacións puntuais como no caso da enfermería.

A realidade é que a política de contratación do Sergas resulta a todas luces insuficiente, fomentando a volatilidade dos procesos que se consolidan co tempo e que optimizan o funcionamento, como o hábito dos equipos mantidos en tempo, a atribución estable de roles, o coñecemento dos servizos e a especialización no traballo duns e outros profesionais.

Todo este sistema precisa dunha aposta forte pola estabilización, que pasa por diferentes medidas en termos de contratación estable, pero tamén por utilizar os mecanismos existentes da maneira máis axeitada. Isto non é o que está a ocorrer, xa que estase a espremer toda posibilidade de precarizar o emprego, priorizando o rendemento económico do sistema naquilo que é a maior potencialidade que ten: o persoal. Neste último grupo de medidas, aquelas que teñen que ver unicamente con criterios no hábito de contratación, está a necesidade de cubrir as baixas e/ou substitucións coa maior estabilidade posible (dentro dun tipo de contrato que, xa de por si, é eventualidade).



Sendo necesaria a existencia de eventualidade, é necesario reducila ao marxe necesario e afondar nas políticas de contratación para que, dentro dela, exista o maior fortalecemento do sistema posible.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que os hábitos de contratación utilizados polo Sergas responden ás necesidades de calidade do sistema sanitario público de Galicia?

2.^a) Por que a contratación temporal no Sergas mantén o hábito de promover a precariedade co abuso do número de contratos nos casos que poden ser reducidos?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2021 18:05:13

Marina Ortega Otero na data 24/11/2021 18:05:26



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 27 de abril o xulgado central de instrución número 3 de Madrid decretou a intervención xudicial das sociedades *Iberian Green Aluminium Company*, *Alu Holding Spain*, *Alu Holding AVL*, *Alu Ibérica AC* e *Alu Ibérica AVL*. Esta medida, tomouse por tempo de seis meses, e pódese prorrogar por períodos iguais de seis meses. A intervención derívase da investigación iniciada pola Audiencia Nacional por mor da querela presentada pola parte social contra un total de dez persoas físicas e nove xurídicas en relación co proceso de venda das plantas da empresa Alcoa en Avilés e A Coruña e responde á petición do Ministerio Fiscal de Anticorrupción, que solicitou que se adoptase esta medida cautelar de intervención xudicial das sociedades que non interrompe a actividade empresarial. O xulgado advirte a intervención como a medida máis adecuada e proporcionada neste momento procesual, por canto se evidencia a indubidable necesidade de adoptar as cautelas precisas para evitar que durante a substanciación do presente procedemento, as entidades quereladas poidan realizar operacións que incidan na ata o momento indiciaria actuación de descapitalización e despatrimonialización das empresas e os centros de produción da Coruña e Avilés e faino en aras a salvagardar os dereitos e expectativas dos traballadores da empresa ou grupo de empresas, e dos acredores e/ou administracións públicas eventualmente prexudicados, que puideren resultar afectados polas prácticas, suxeitas a investigación, dos actuais xestores e administradores.

Anticorrupción foi a que expuxo que se designe como interventor das devanditas sociedades a un ou varios funcionarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou da Intervención Xeral da Administración do Estado, e requírase a autorización do interventor para a realización de actos que excedan da ordinaria administración dos bens das sociedades intervidas, incluíndo como tales os actos de disposición de activos da empresa. Nesa liña foron designados como administradores xudiciais funcionarios da Intervención Xeral da Administración do Estado e da Intervención Xeral da Seguridade Social.



Alu Ibérica encamiñase cara ao concurso de acredores. O administrador xudicial da compañía, remitiu ao Xulgado número 3 da Audiencia Nacional un informe no que recomenda a petición de concurso voluntario ante a situación de insolvencia das plantas da Coruña e Avilés. O movemento do administrador xudicial prodúcese despois de que o xulgado solicitase un informe con propostas de actuación ante a delicada situación económica que atravesaba a compañía desde a súa compra por parte do Grupo Industrial Riesgo.

O administrador solicitou aos comités de empresa de Alu Ibérica que constituísen unha comisión representativa para iniciar senllos expedientes de regulación de emprego que implicarían a suspensión temporal de contratos de traballo e a redución de xornada, a dita negociación pechou sen acordo cos traballadores dun ERTE efectivo dende o 10 de novembro. Ademais, o administrador realizou xestións tanto con entidades financeiras como con provedores e clientes para expor unha proposta de convenio anticipado ou un acordo de refinanciamento cumprindo os requisitos legalmente esixidos. No caso de que estas entidades rexeiten a concesión deste financiamento, o administrador consideraba que a compañía se encamiñaría ao concurso voluntario de acredores, unha situación autorizada polo xuíz o 24 de novembro.

O *Consejero* de Industria do Goberno asturiano, declarou que espera a que a autoridade xudicial declare o concurso de acredores para buscar un investidor serio, solvente e acreditado, xa que ante a intervención da xustiza a SEPI non pode actuar. Así mesmo, afirmou que nese momento terán que facelo coa maior celeridade posible porque a súa prioridade é o mantemento do emprego e as capacidades industriais da planta. O Goberno asturiano está en contacto, segundo a opinión pública, con investidores dispostos a manter a dita actividade e mentres do Goberno galego non sabemos nada e simplemente se conforman con pedir responsabilidades ao Goberno central.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para manter a actividade da planta de aluminio na Coruña?

2ª) Está o Goberno galego buscando algún investidor para a planta de aluminio de Alu Ibérica da Coruña?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 24/11/2021 17:57:40

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/11/2021 17:57:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para ampliar e reforzar a rede de Centros de Información ás Mulleres a través do impulso de modificacións no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galiza, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros de Información ás Mulleres (CIM) defínense como recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Así aparece recollido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, que os regula.

Neste senso, se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto do financiamento a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal do que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento tal e como sinalou a Fegamp no seu 1º Informe sobre a acción dos concellos galegos a maior parte dos centros (47%) contencun financiamento entre 50mil e 100mil euros, o 27% menos de 50mil e outro 27% máis de 100mil.

Estas limitacións orzamentarias –en canto á aportación da Xunta de Galiza e a imposibilidade ou negativa dos concellos a incrementar as súas aportacións derívase en que o groso dos recursos económicos van dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.

Asemade, o cadro de persoal dunha parte importante dos CIM está conformada apenas polos perfís profesionais esixidos como mínimo legal para a súa creación e acreditación (persoal de asesoramento xurídico e atención psicolóxica) o que limita moito o traballo que poden desenvolver.

Xunto a isto, a ausencia de centros no conxunto do territorio e a ausencia de rateos de persoal a respecto do volume de poboación que atenden na normativa actual, afondan na sobrecarga de traballo de moitas profesionais e CIMs.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación actual da rede CIM?
- . E, especificamente, dos centros urbanos e das cabeceiras de comarca?
- . Ten pensado adoptar algunha medida, económica e/ou normativa, para mellorar o funcionamento e reforzar estes centros fundamentais na loita contra a violencia machista e a prol da igualdade?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2021 12:03:10

Iria Carreira Pazos na data 25/11/2021 12:03:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/11/2021 12:03:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2021 12:03:33



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro aprobou en xuño unha modificación do prego de condicións referente aos rendementos nas explotacións. Concretamente un aumento de rendementos do 20 % para as parcelas de menos de 900 metros cadrados nas que se cultiven uvas das variedades Torrontés e Palomino.

Na actualidade a modificación permanece paralizada na Consellería do Medio Rural, organismo que debe encargarse da tramitación precisa para que poida facerse efectiva canto antes.

Esta iniciativa foi impulsada pola organización Unións Agrarias co fin de evitar que os viticultores deixen uvas colgadas nas cepas ou se vexan forzados a vendelas fóra do amparo da DO.

O aumento de rendementos acordado no Ribeiro, hai xa cinco meses, pretende adaptar as condicións de comercialización de uva á realidade das parcelas desta denominación de orixe. Fincas de pequenas dimensións cun marco de plantación superior ás 5.000 cepas por hectárea (chegando en moitos casos as 8.000-9.000 cepas/Ha), nas que os rendementos son maiores aos establecidos no prego de condicións actual.

Esta decisión e a rápida tramitación da mesma se volve fundamental para a supervivencia e a rendibilidade dos pequenos viticultores do Ribeiro, que supón unha clara aposta pola viticultura social, porque nas condicións actuais resulta imposible para os viticultores facer unha reestruturación das mesmas e adaptarse á normativa, polo que a única saída que lles quedaba ata o de agora era o abandono, como se viu nos últimos anos.

Unha medida destinada a evitar que os produtores teñan que deixar uvas sen recoller; así como a posibilidade de que se cree un mercado paralelo que unicamente favorecería a baixada de prezo e a fraude.



Por outra banda o modelo de explotación vitivinícola de pequenos produtores fai posible manter esta actividade en moitos concellos ourensáns que apenas dispoñen doutro sector económico activo. De aí o seu carácter estratéxico desde o punto de vista social, cultural e demográfico.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.ª) Pensa o Goberno galego resolver a tramitación do aumento de rendementos nas explotacións aprobado polo Consello Regulador do Ribeiro en xuño do presente ano.

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/11/2021 12:23:44

Marina Ortega Otero na data 25/11/2021 12:23:52

Martín Seco García na data 25/11/2021 12:31:40



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A pandemia provocada pola Covid-9 amosou a necesidade de contar cun sistema de saúde pública con capacidade de resposta rápida e eficiente ante posibles problemas que poidan xerarse en termos de saúde pública. As dificultades para avaliar a evolución dun problema destas características, así como as complicacións para contar cunha dotación axeitada de material de prevención, sobre todo nas fases iniciais dunha situación así, son aspectos que debemos ter aprendidos para melloralos de cada ao futuro.

En Galicia o sistema de saúde pública sitúase nos últimos anos nun plano lateral dende o punto de vista da xestión do Sergas, recuperando o seu protagonismo unicamente a partir da aparición da pandemia. A inserción deste servizo dentro do Sergas, limitado pola subsumisión dentro dunha administración na que o seu peso veu sendo sempre menor do que debía, limita a súa capacidade de acción. A realidade é que a saúde pública é un área de traballo que necesita estar en permanente contacto coas liñas de investigación, cos planos asistenciais do sistema sanitario e tamén, de ser o caso, con outros ámbitos de xestión como a educación, a seguridade, emerxencias ou outros.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Como valora o Goberno da Xunta de Galicia a posibilidade de crear unha Axencia de Saúde Pública de Galicia para a mellora da capacidade de resposta e acción?





2.^a) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o sistema de saúde pública de Galicia está ben dotado en termos de recursos materiais e humanos?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/11/2021 12:32:17

Marina Ortega Otero na data 25/11/2021 12:32:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir os dereitos das crianzas usuarias deste Servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta, desde hai anos, cunha rede galega de atención temperá entendida como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Porén, os servizos que integran a rede son claramente insuficientes para atender o conxunto de nenas e nenos que o precisan o que vulnera os seus dereitos, obriga as súas familias a procurar atención e recursos fóra do sistema público e merma as posibilidades de desenvolvemento das nenas e nenos.

Recentemente, familias galegas denunciaron publicamente tempos de agarda de até nove meses, nalgúns casos, para acceder a servizos aos que as súas fillas e fillos teñen dereito de acordo coa lexislación vixente e mesmo que profesionais sanitarios





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están a derivar directamente a entidades sociais para que atendan as necesidades das crianzas pola falta de recursos públicos ou a saturación dos servizos.

Isto supón, ademais dunha clara vulneración de dereitos, un sobrecooste ás familias pola obriga de sufragar no ámbito privado terapias que o sistema sanitario público debера garantir.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a valoración da Xunta de Galiza sobre a situación actual da rede galega de atención temperá?

. Cal é a listaxe de agarda que existe actualmente en Galiza para o acceso á rede galega de atención temperá? Cal é para cada unha das áreas e distritos sanitarios do noso país?

. Vai adoptar algunha medida o Goberno galego para reforzar e ampliar a rede galega de atención temperá?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2021 13:12:17

Iria Carreira Pazos na data 25/11/2021 13:12:21

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2021 13:12:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou a década 2021-2030 como a década do envellecemento saudábel cuxa base na Estratexia e no Plan de Acción Mundiais da OMS centrados nesta materia. O obxectivo da organización internacional é reducir as desigualdade en materia de saúde e mellorar a vida das persoas maiores, as súas familias e as súas comunidades a través de catro esferas: mudar a maneira na que pensamos, sentimos e actuamos a respecto da idade e o edadismo; desenvolver as comunidades de maneira que promovan as capacidades das persoas maiores; prestar servizos de atención integrada e atención primaria de saúde centrados na persoa e proporcionar acceso á asistencia a longo prazo das persoas maiores que a precisen.

Pola súa banda, a Xunta de Galiza aprobou en 2016 a Estratexia galega de envellecemento activo (ESGAEN) co obxectivo, dicía, de situar Galiza “como referente” neste campo “desde unha perspectiva centrada nas persoas”. Un documento amplo composto por liñas estratéxicas, obxectivos operativos e accións concretas para os conseguir arredor de catro eixos: o emprego, a participación na sociedade; a vida independente, activa e segura; e a non discriminación e a igualdade de oportunidades.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorrido o período de vixencia da estratexia é preciso facer unha avaliación do seu cumprimento e do grao de implantación e aplicación das medidas nel recollidas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que avaliación fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento da Estratexia galega de envellecemento activo?

. Cantas e Cales das medidas previstas na estratexia foron executadas? Cantas e cales non?

. Que orzamento investiu a Xunta de Galiza na aplicación da ESGAEN?

. Vai elaborar unha nova estratexia a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2021 17:29:58

Iria Carreira Pazos na data 25/11/2021 17:30:03

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2021 17:30:10



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os bosques, especialmente no seu estado primario, son os ecosistemas terrestres máis ricos e diversos do noso planeta. Os servizos ecosistémicos que prestan son imprescindibles e de enorme valor: fixar e estabilizar o chan (de feito crealo), constituír o maior refuxio terrestre da biodiversidade, alimentar e soste todo tipo de organismos vivos (animais, vexetais e fungos), contribuír a estabilizar un clima propicio á vida mediante a súa capacidade de atraer choiva e un longo etcétera.

Por outra banda, a FAO, no seu informe “Os bosques e o cambio climático”, considera que os bosques forman un dos maiores sumidoiros de carbono do planeta, chegando a almacenar (en función das distintas especies forestais e do seu desenvolvemento) ata 15 toneladas anuais de carbono por hectárea en forma de biomasa. Pola contra, segundo o Panel Intergubernamental do Cambio Climático (IPCC), a destrución dos bosques producida polo cambio climático libera na atmosfera uns 6.000 millóns de toneladas de CO₂ cada ano.

Debe diferenciarse claramente o concepto 'bosque' do concepto 'plantación'. Como sinala o Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) no seu informe “Os bosques e a biodiversidade fronte ao cambio climático”, a repoboación con masas forestais monoespecíficas de especies alóctonas, como o eucalipto, pode incrementar a vulnerabilidade dos bosques fronte ao quentamento global, mentres que as estruturas máis biodiversas baseadas en especies autóctonas amósanse moito máis resilientes.

Hai que destacar tamén os beneficios paisaxísticos do bosque autóctono, que embelece a paisaxe especialmente pola explosión de cores que se produce nel no outono e, en menor medida, na primavera, unha calidade paisaxística da que carecen as plantacións de eucaliptos. Por non falar dos beneficios sociais, permitindo pasear por un entorno natural, recoller cogumelos, observar aves ou simplemente desconectar do estrés das nosas vidas cotiás.

De feito, un dos países cunha maior superficie forestal e tamén cunha maior tradición e cultura forestal no mundo como é Xapón recoñeceu e promoveu



oficialmente nas últimas décadas unha práctica chamada *Shinrin-Yoku*, que significa literalmente “absorber a atmosfera do bosque”, trasladándose ao noso país no concepto de “baños de bosque”. Trátase dunha práctica que está avalada por estudos que determinan que os baños de bosque teñen efectos físicos e psicolóxicos positivos.

Sobre a base do anterior, o bosque autóctono debe ter prioridade nas políticas públicas dun país civilizado no século XXI, en liña co dereito constitucional a un medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, porque non pode haber un medio ambiente axeitado se non hai bosque, ata o punto de que non sería esaxerado falar como correlato dese dereito ao medio ambiente dun “dereito ao bosque”, do cal gran parte da cidadanía galega, a que vive na costa e particularmente nas grandes áreas urbanas costeiras, estase vendo privado pola case imposibilidade de atopar un bosque nun estado de conservación axeitado no seu entorno inmediato, paralelamente ao crecemento de plantacións descontroladas de eucalipto nitens que proliferan cada vez máis cara ao interior de Galicia.

Nun estado de dereito e nunha democracia, caracterizados polo equilibrio entre intereses e dereitos que se poden entender contrapostos pero que tan frecuentemente hai que compaxinar, o valor económico do eucalipto debe inexcusamente ser compatibilizado co valor ambiental e social do bosque autóctono (protexido polo dereito constitucional a un medio ambiente axeitado) e iso soamente se pode facer mediante unha decidida intervención pública que hoxe non se está a producir en absoluto en Galicia. E esa intervención pública só se pode facer desde a administración competente na materia, que en Galicia é fundamentalmente a Xunta, aínda que as administracións locais poden e deben cooperar nos seus ámbitos.

A conservación do bosque autóctono mellora a nosa paisaxe, crea espazos de esparcemento e disfrute da natureza e produce un enorme beneficio ambiental e tamén social, ademais de que o bosque autóctono pode tamén servir como “bosque escola” ou escola de natureza, como xa se fai en moitos países do mundo e, en moita menor medida, tamén en España.

Non obstante, boa parte das carballeiras e das masas forestais autóctonas que aínda poden quedar en Galicia, e que segundo a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, deben ser obxecto de mantemento ou restablecemento pero nunca de deterioro, están a desaparecer progresivamente mentres o eucalipto, especie alóctona de rápido crecemento, está experimentando nas



últimas décadas unha proliferación descontrolada en Galicia, ante a completa pasividade da Xunta, que ten o deber de ordenar e racionalizar o monte, fomentar e diversificar o noso sector forestal e velar pola aplicación do dereito a un medio ambiente digno establecido polo artigo 45 da Constitución, que se debería compatibilizar co recoñecemento do valor económico do eucalipto, indubidable en Galicia, pero que tamén ten efectos ambientais en forma de redución da biodiversidade, recoñecidos por cada vez máis estudos científicos. En síntese, a única política forestal que practicaron os sucesivos gobernos populares foi a de deixar facer o que considerase cada propietario individual, de modo que o obxectivo do Plan forestal de 1992 para o ano 2032, 245.000 hectáreas de eucalipto, supera probablemente ás 500.000 segundo diversas estimacións, e crescendo rapidamente ano a ano, o cal orixina incluso desde un punto de vista económico un problema de exceso de oferta en detrimento dos prezos e dos centos de milleiros de pequenos propietarios forestais que teñen eucaliptos nos seus terreos en Galicia.

A moratoria declarada recentemente pola Xunta de Galicia permite seguir plantando eucaliptos en montes con máis do 50 % da súa superficie ocupada por esta especie, e a organización ecoloxista ADEGA denunciou recentemente que desde que se implantou a moratoria (hai menos de medio ano) foron plantados ilegalmente o equivalente a máis de 200 campos de fútbol, ademais de que o propio anuncio da moratoria motivou que durante meses se cortasen bosques autóctonos para reemprazalos por eucaliptos. E a pesar de que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, un estudo das universidades de Oviedo e León do ano 2020 indica que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos. Tamén se estima que decenas de milleiros de hectáreas de superficie agrícola está sendo ocupada por plantacións de eucaliptos, que ademais invaden tamén as ribeiras dos nosos ríos, todo o anterior en flagrante e ben visible contravención da nosa lexislación, incomprendiblemente permitida pola Xunta, que dispón de todos os medios para evitala. Unha situación á vista de calquera que teña ollos e, simplemente, faga un percorrido por calquera parte de Galicia, coa excepción de parte de Lugo e de Ourense. A irrupción do *eucalyptus nitens*, que non ten as limitacións para expandirse cara ao interior de Galicia que si ten o tradicional *eucalyptus globulus*, implica, ademais, a ruptura da fronteira natural de expansión do eucalipto, situada na Galicia interior, co cal o seu potencial de expansión e case ilimitado na nosa comunidade.



En suma, no monte galego conflúen cultura e natureza, medio ambiente e economía. O eucalipto é un recurso económico que debe ser compatibilizado co respecto ao medio que impón o artigo 45 da Constitución, a lexislación nacional e a europea. A presenza do eucalipto debe ser compensada coa protección do noso bosque autóctono, e iso soamente se pode facer desde o ámbito público e concretamente desde a Xunta de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego levar a cabo algún tipo de política real para conservar, promover e poñer en valor o noso bosque autóctono dado o seu papel como ecosistema que presta servizos valiosísimos desde o punto de vista ambiental, pero tamén social e paisaxístico?

2ª) Considera o Goberno galego que a progresiva substitución do bosque autóctono por un monocultivo de eucalipto é compatible co dereito ao medio ambiente consagrado polo artigo 45 da Constitución española?

3ª) É consciente o Goberno galego de que a progresiva desaparición do bosque autóctono galego supón un auténtico ecocidio na medida en que se trata dun ecosistema enormemente valioso e vital para a loita contra o cambio climático e a protección da nosa biodiversidade?

4ª) Por que o Goberno galego non fai cumprir as limitacións impostas pola lexislación no referido á prohibición das plantacións de eucalipto en terreo agrícola, nas ribeiras dos ríos e nos espazos protexidos?

5ª) Cantas sancións impuxo nos últimos 5 anos o Goberno galego pola plantación de eucaliptos non axustada á normativa de aplicación?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 25/11/2021 18:03:56

Paloma Castro Rey na data 25/11/2021 18:04:13



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9187**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración polo Goberno da Xunta de Galicia do cumprimento das obrigas establecidas na da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantías do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario ten como obxectivo mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga e a coordinar de forma responsable a actuación en período de seca, así como garantir a subministración en cantidade e calidade idóneas á poboación, reducir a vulnerabilidade dos sistemas e protexer a saúde pública fronte a situacións adversas como a seca.

A Xunta promoveu este texto lexislativo pioneiro para que Galicia estea preparada para adaptar a xestión da auga ao novo contexto de cambio climático e para que todas as administracións públicas poidan dar unha resposta áxil e coordinada ante este tipo de situacións.

Tras a aprobación da Lei, a Xunta de Galicia está a traballar para que se cumpran os obxectivos marcados nela e segue a prestar apoio técnico e financeiro ás administracións locais nas súas responsabilidades de proporcionar auga á poboación.

Con este obxectivo, desde 2019, o Goberno galego sacou tres convocatorias consecutivas de axudas aos concellos para a elaboración de plans de emerxencia fronte á seca, co obxectivo de que en 2022, polo menos, 60 municipios dispoñan desta ferramenta.

Con esta medida a Xunta quere fomentar a prevención e a anticipación, tendo en conta que ningún municipio contaba ata o momento cun plan deste tipo e que o episodio de seca de 2017 evidenciou a vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento.

O apoio da Xunta de Galicia aos concellos ten tamén carácter técnico, tendo en conta as dificultades que pode implicar a elaboración dun documento desta magnitude, especialmente para os municipios pequenos. Para isto publicouse na páxina web de Augas de Galicia unha guía de plan municipal de emerxencia fronte á seca coa fin de servir de referencia para o traballo dos concellos.



Ademais, o pasado mes de maio, a Xunta fixo a primeira convocatoria de axudas aos concellos de menos de 50.000 habitantes para a instalación de dispositivos de medición do caudal da auga que detecten fugas nas redes de abastecemento municipal, á que se engadiu, un mes despois, outra convocatoria de axudas co mesmo fin, pero neste caso dirixidas especificamente ás comunidades de usuarios de abastecemento.

A Xunta tamén promove, a través dunha convocatoria de axudas publicada o pasado mes de abril, a implantación de plans municipais de abastecemento autónomo entre os concellos galegos de menos de 5.000 habitantes. Con esta iniciativa a administración autonómica pretende que os concellos dispoñan de información detallada sobre o nivel de garantía do abastecemento de auga potable á súa poboación, máis alá das súas redes municipais, e que contén cun instrumento básico para planificar as intervencións de mellora precisas, que redundará na mellora da prestación deste servizo básico, de competencia municipal.

A Xunta concedeu ademais, no marco da primeira convocatoria de achegas para mellorar os sistemas de abastecemento xestionados por comunidades de usuarios, 54 axudas para a implantación e o desenvolvemento de proxectos de mellora da calidade de auga das traídas veciñais, cun investimento global de 555.000 euros. A administración autonómica xa manifestou a súa intención de convocar este ano unha nova edición desta liña de axudas.

A maiores, a Xunta convocou o pasado mes de marzo axudas por importe de 4 millóns de euros para que os concellos de menos de 5.000 habitantes poidan executar obras de abastecemento, saneamento e depuración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2021 12:56:01
Nº Rexistro: 25185
Data envío: 19/11/2021 12:56:01.477

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2021 12:55:57

CSV: BOPGDSPG-IV31aTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12154**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“as modificacións introducidas na liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, correspondente ao servizo de transporte público para persoas traballadoras e funcionarias”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 19218, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 21 de outubro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade avanzou que a Xunta traballa coa empresa concesionaria na definición dunha proposta completa de mellora das conexións de autobús entre A Coruña e Ferrol co obxectivo de presentarlle proximamente aos concellos.

A resposta completa pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTUyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=1994](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTUyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=1994)

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTUyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=2926](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTUyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=2926)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:19:10
Nº Rexistro: 25202
Data envío: 22/11/2021 10:19:10.020

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:19:06

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17414**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 159 do 24 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos ferroviarios que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas e mesmo con Portugal, e a parada do tren Alvia en Vilagarcía non é unha excepción.

A pandemia non pode ser empregada coma excusa para xustificar unha redución drástica de servizos e frecuencias ferroviarias que cercenan os dereitos de mobilidade dos galegos e que dificultan o acceso de moitos cidadáns ao lugar de traballo e ensino e agravan a situación periférica de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:18:29
Nº Rexistro: 25197
Data envío: 22/11/2021 10:18:29.317

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:18:25

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno-número: **14266**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación e execución da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada LU-162 conecta Ferreira do Valadouro (LU-160) con Cangas de Foz (N-642) e a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, optou por levar a cabo a construción de beirarrúas coa fin de mellorar a seguridade viaria de Cangas de Foz.

Unha actuación que se abordou en fases, tres delas xa executadas, cun investimento conxunto de máis de 450.000 euros. Executáronse máis de dous quilómetros de beirarrúas, sumando ambas as marxes, no que son as zonas con maior densidade de vivendas. Non obstante, a Xunta de Galicia dará continuidade ás obras de mellora da seguridade viaria e peonil nesta estrada no menor prazo posible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:18:47
Nº Rexistro: 25199
Data envío: 22/11/2021 10:18:47.067

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:18:43

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno-número: 17416, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa**”, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos ferroviarios que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas e mesmo con Portugal, e a parada do tren Alvia en Vilagarcía non é unha excepción.

A pandemia non pode ser empregada coma escusa para xustificar unha redución drástica de servizos e frecuencias ferroviarias que cercenan os dereitos de mobilidade dos galegos e que dificultan o acceso de moitos cidadáns ao lugar de traballo e ensino e agravan a situación periférica de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:18:13
Nº Rexistro: 25196
Data envío: 22/11/2021 10:18:13.802

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:18:04

CSV: BOPGDSPG-IV31aTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno-número: **17643**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que as obras da circunvalación do concello de Ribeira se fagan co máximo diálogo e consenso social”**, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 17642, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 223, do 9 de novembro de 2021, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2021 12:55:19
Nº Rexistro: 25182
Data envío: 19/11/2021 12:55:19.774

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2021 12:55:14

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno-número: **12155**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“as modificacións introducidas na liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, correspondente ao servizo de transporte público para persoas traballadoras e funcionarias”**, (publicada no BOPG número 108 do 10 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 19218, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 21 de outubro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade avanzou que a Xunta traballa coa empresa concesionaria na definición dunha proposta completa de mellora das conexións de autobús entre A Coruña e Ferrol co obxectivo de presentarlle proximamente aos concellos.

A resposta completa pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTYyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=1994](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTYyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=1994)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTYyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=2926](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTYyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=2926)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:19:02
Nº Rexistro: 25201
Data envío: 22/11/2021 10:19:02.083

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:18:59

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª-**número: 13358**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a resolución das alegacións presentadas ao proxecto de trazado de circunvalación para Ribeira**”, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 13356, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 223, do 9 de novembro de 2021, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2021 12:55:52
Nº Rexistro: 25184
Data envío: 19/11/2021 12:55:52.508

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2021 12:55:47

CSV: BOPGDSPG-IV31aTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª-número: 14265, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre “**os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación e execución da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas**”, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada LU-162 conecta Ferreira do Valadouro (LU-160) con Cangas de Foz (N-642) e a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, optou por levar a cabo a construción de beirarrúas coa fin de mellorar a seguridade viaria de Cangas de Foz.

Unha actuación que se abordou en fases, tres delas xa executadas, cun investimento conxunto de máis de 450.000 euros. Executáronse máis de dous quilómetros de beirarrúas, sumando ambas as marxes, no que son as zonas con maior densidade de vivendas. Non obstante, a Xunta de Galicia dará continuidade ás obras de mellora da seguridade viaria e peonil nesta estrada no menor prazo posible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:18:54
Nº Rexistro: 25200
Data envío: 22/11/2021 10:18:54.739

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:18:51

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª-número: 17413, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa**”, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos ferroviarios que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas e mesmo con Portugal, e a parada do tren Alvia en Vilagarcía non é unha excepción.

A pandemia non pode ser empregada coma excusa para xustificar unha redución drástica de servizos e frecuencias ferroviarias que cercenan os dereitos de mobilidade dos galegos e que dificultan o acceso de moitos cidadáns ao lugar de traballo e ensino e agravan a situación periférica de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2021 10:18:37
Nº Rexistro: 25198
Data envío: 22/11/2021 10:18:37.677

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/11/2021 10:18:34

CSV: BOPGDSPG-IV31aTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -**número: 17641**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do proxecto de circunvalación do concello de Ribeira para minimizar o impacto ambiental, paisaxístico e social”**, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 17642, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 223, do 9 de novembro de 2021, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2021 12:55:42
Nº Rexistro: 25183
Data envío: 19/11/2021 12:55:42.274

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2021 12:55:26

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19495**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada Ou-536 (Ourense-Trives)”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo co artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente.

Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

A Xunta de Galicia, no ámbito da súa competencia, está a desenvolver as actuacións oportunas para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de sinalización e toponimia e, deste xeito, a presenza do idioma galego nas estradas.

Así, no que respecta ás estradas integradas na rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA) a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), a través dos seus servizos provinciais e dentro do seu labor de conservación das estradas e do mantemento adecuado da sinalización, realiza correccións puntuais nos topónimos existentes nos carteis, a medida que se van detectando os posibles erros ou cando llos comunica calquera persoa. Ademais, cada vez que se cambia un cartel aprovéitase para comprobar a súa correcta rotulación.



No referente ás estradas de titularidade estatal, a AXI, de ter constancia dalgún erro, pono en coñecemento da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, coa fin de que se realicen as correccións necesarias para cumprir coa normativa vixente.

En canto ao caso concreto do topónimo da estrada OU-536 ao que fai referencia esta pregunta, informar que o Servizo Provincial de Ourense da AXI realizará a correspondente corrección. Con esta fin, xa se trasladou a orde de traballo, se encargou o cartel e a instalación será inmediata en canto se reciba.

Sobre a existencia doutras posibles reclamacións por utilización de topónimos deturpados nas estradas autonómicas da provincia de Ourense, indicar que non se recibiu ningunha reclamación de municipios ou colectivos sociais a este respecto entre os anos 2020 e 2021 e as comunicacións anteriores ao 2020 atendéronse no seu momento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2021 13:40:21
Nº Rexistro: 25327
Data envío: 23/11/2021 13:40:21.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/11/2021 13:40:11

CSV: BOPGDSPG-IV3IaTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20621**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“o tratamento das augas residuais e o funcionamento da depuradora da illa de Ons”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 11 de novembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 20619.

Na súa intervención, a directora xeral avanzou que a Xunta destinará á mellora da depuración na illa de Ons parte dos fondos europeos asignados ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 11 de novembro de 2021:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NTkyMWV/kYjctNDUwYS00YjQ2LTgxODMtZTEzNDM3ZDI5ZDY4&start=3819](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTkyMWV/kYjctNDUwYS00YjQ2LTgxODMtZTEzNDM3ZDI5ZDY4&start=3819)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2021 12:55:03
Nº Rexistro: 25181
Data envío: 19/11/2021 12:55:03.555

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2021 12:54:53

CSV: BOPGDSPG-IV31aTPp-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

